### Biblioteca Universitaria

Neste curso 2016-2017 mantívose unha traxectoria semellante aos períodos precedentes cunha actividade arredor de tres eixos principais: mantemento e mellora das coleccións bibliográficas, prestación dos seus servizos á comunidade universitaria e mellora continua dos sistemas de xestión da calidade e de xestión ambiental.

### 1. Recursos e servizos bibliotecarios

Tendo en conta a totalidade de libros e documentos en papel e outros soportes tanxibles, así como a oferta de recursos electrónicos en rede, a principios de xullo de 2017 as coleccións bibliotecarias estaban formadas por:

- 662.936 libros
- 27.734 publicacións seriadas (delas 18.994 son revistas e a texto completo)
- 136.745 libros electrónicos
- 2.401 mapas
- 2.530 rexistros sonoros
- 12.787 vídeos e DVDs
- 13.322 CD-ROMs
- 48 bases de datos en liña

Ademais, neste curso continuouse co desenvolvemento das coleccións de libros electrónicos coa adquisición de títulos das editoriais De Gruyter, Springer-Nature e Wiley grazas a sistemas de compra baseada no uso.

O servizo de préstamo rexistrou un total de 260.727 transaccións (préstamos, devolucións, renovacións, reservas e reclamacións), ademais, o servizo de préstamo interbibliotecario e acceso ao documento, tramitou un total de 1.300 solicitudes de documentos a bibliotecas alleas á Universidade de Vigo e atendeu 1.197 peticións de envío de documentos propios a outras bibliotecas externas.

Logo da súa posta en marcha en abril de 2016, o repositorio institucional Investigo recibiu un total de 807 depósitos de documentos (entre teses de doutoramento, artigos, libros...).

Verbo das actividades de formación de usuarios e usuarias, a Biblioteca desenvolveu neste curso un total de 120 cursos, 47 deles na modalidade virtual e 73 na presencial.

Como en cursos anteriores, a Biblioteca puxo en marcha unha programación de aperturas especiais de bibliotecas durante os períodos de exames.

### 2. Xestión da calidade e xestión ambiental

No eido da xestión da calidade, a Biblioteca levou a cabo unha auditoría interna do seu sistema de xestión ISO 9001 e unha auditoría externa de re-certificación pola auditora DNV cun resultado satisfactorio. Ademais, ao longo do ano 2016 recolleuse unha enquisa web sobre a satisfacción

xeral dos usuarios/as coa Biblioteca, acadándose unha valoración de 4,2 sobre 5.

Verbo do sistema de xestión ambiental ISO 14001, implantado nas tres bibliotecas centrais dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, fixéronse as correspondentes auditorías co resultado do mantemento do certificado.

### 3. Consorcio Bugalicia. Cooperación bibliotecaria.

A cooperación como instrumento das universidades ten, no ámbito das bibliotecas universitarias, un dos seus maiores exemplos de éxito, de forma singular no que toca aos recursos dixitais e á bibliografía para a investigación. A Universidade de Vigo exerce actualmente a presidencia do Consorcio, que ten carácter rotatorio e bianual.

No eido da súa participación no Consorcio Bugalicia, a Biblioteca interveu, a través do seu director, na Comisión Técnica do Consorcio. Tamén estivo presente na XXIV Asemblea anual da sectorial da crue de bibliotecas universitarias (rebiun) e asumiu en decembro de 2016 a coordinación do grupo de traballo da Liña I do III Plan Estratégico da sectorial xunto coas bibliotecas das universidades de Almería, Barcelona, Cádiz, Complutense de Madrid, Extremadura, Granada e IE Business School. En virtude disto o director da Biblioteca Universitaria pasou a formar parte do Comité Executivo de crue-rebiun. Neste ámbito, o director da Biblioteca foi encargado de elaborar e presentar dúas ponencias sobre rebiun: “Cuatro claves de la cooperación bibliotecaria en rebiun” na I Jornada BiblioMadSalud en Madrid en novembro de 2016, e “El papel de rebiun en el establecimiento de buenas prácticas bibliotecarias” no XIV Foro fecies, celebrado en Granada en xuño de 2017.

### 4. Arquivo Universitario

O Arquivo Universitario, como unidade responsable de garantir a xestión, organización, accesibilidade, tratamento e conservación do patrimonio documental da Universidade de Vigo, rexistrou no curso 2016-2017 os seguintes datos relativos á súa xestión:

- Transferencias realizadas dende os arquivos de xestión ao Arquivo Xeral: 21 transferencias, ingresando un total de 362 unidades de instalación.
- Préstamo de documentos ás unidades administrativas: 307 trámites.

- Solicitudes externas de información e acceso: 6 solicitudes.
- Rexistro e incorporación de teses de doutoramento da Universidade de Vigo: 246 teses.

No eido da cooperación institucional, o Arquivo participou nas “XXIII Xornadas de Arquivos Universitarios: o arquivo electrónico na administración dixital” organizadas pola Conferencia de Archiveros de las Universidades e tamén estivo presente na “II Jornada-Taller sobre archivo e para las administraciones públicas”, organizadas polo Servicio de Archivo General da UNED xunto co Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

### Departamento de obras, instalación e infraestruturas

A actividade do departamento de obras, pode agruparse en tres grandes ámbitos dos que se describen as actuacións máis salientables:

#### 1. Novos investimentos

##### Campus de Vigo

Licitouse a obra do “Edificio institucional e de I+D da Universidade de Vigo no Casco Vello”. Esta infraestrutura pretende dar visibilidade á Universidade de Vigo na cidade e consolidar a presenza na mesma potenciando os vínculos coa sociedade, co tecido empresarial e ser un motor da investigación e a transferencia do coñecemento.

Licitouse a redacción de proxecto e dirección de obra: Rehabilitación de edificio Faraday na ETEA para o Campus do Mar, que potenciará o proxecto estratéxico e revitalizará unha zona degradada da cidade.

No Módulo Tecnolóxico industrial (MTI), durante o curso 2016-17 continuouse co equipamento de mobiliario dos e tramítáronse as licitacións das obras de adaptación e mobiliario da nave taller co que se rematará o equipamento do edificio.

Realizouse o proxecto do Mesocosmos no ECIMATE iniciouse a licitación das obras.

Redactouse o proxecto para “Zooteca, litoteca e herbario da Universidade de Vigo” que permitirá que as coleccións faunísticas, minerais e vexetais da Universidade de Vigo

sexan conservadas en condicións axeitadas.

Licitouse o “Proxecto de execución para a ampliación do CACTI. Módulo AMS”

##### Campus de Pontevedra

Realizáronse as obras para a construción da segunda fase das obras de urbanización do Campus de Pontevedra, na liña do definido polo Campus Verde (Green Campus) que mellorarán os vieiros, os espazos de aparcamento, as zonas verdes e as instalacións de iluminación.

Realizouse o anteprojecto de Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte para ximnasio.

##### Campus de Ourense

No 2016 licitouse a construción do Edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense. Este edificio pretende dar soporte físico aos Clústeres de investigación vinculados coa investigación no campo da auga.

Realizouse o proxecto do Invernadoiro e iniciouse a licitación das obras.

Nos campus de Ourense e Pontevedra realizáronse adaptacións de salas de caldeiras para o cambio de combustible a gas natural, e no campus de Vigo realizáronse reparacións e pintado dos viarios máis deteriorados do Campus.

En varios edificios dos tres campus realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade, seguindo as indicacións dos planes de autoprotección realizados.

#### 2. Reparacións, mellora de instalacións e obras menores

Nos tres Campus realizáronse adaptacións de espazos para as novas necesidades xurdidas pola RPT.

Continuouse coa realización de obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc.

Supervisáronse tódolos contratos dos diferentes mantementos de instalacións, establecéronse unhas prescricións técnicas comúns para todos eles e agrupáronse en contratos únicos os correspondentes a grupos electrógenos, cloración, transformadores e

protección contra incendios, o que permite un aforro económico e unha mellora na xestión ao reducir o número de interlocutores.

### 3. Melloras no funcionamento do departamento

Dentro dos obxectivos primordiais do departamento, aforro, eficacia e comunicación, continuouse coa implantación do sistema de xestión das instalacións e obras mediante o programa Mansis, que permite unha mellor organización das mesmas, coa programación de mantementos preventivos, legais e correctivos, un mellor control das diferentes obras e unha mellor organización da información referente aos investimentos e orzamentos.

Ademais, coa nova Unidade de Servizos Xerais o seguimento e control dos requirimentos, pedidos e obras farase dunha maneira máis axeitada.

### Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo (UVigo). Entre as súas funcións están intervir nas actuacións que poidan producir impactos ambientais, asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental e promover accións que aumenten a calidade ambiental.

Ao longo do curso 2016-2017, baixo o marco destes tres obxectivos, as principais actividades desenvolvidas foron:

#### 1. Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

Cada ano ten lugar unha auditoría interna de revisión previa á auditoría do órgano certificador do sistema, quen emite e avalía a renovación dos certificados do sistema baixo a norma UNE-EN ISO 14001. Este ano 2017 foi superada en maio sen que se detectase ningunha non-conformidade, agás 18 pequenas observacións que houbo que axustar ou corrixir.

No campus de Pontevedra, xunto coa súa vicerreitoría, estase a abordar un sistema de seguimento e xestión ambiental dentro do marco do Programa *Green Campus*, coordinado pola entidade *Adeac*. Desde a OMA coordínase e supervísase a recollida de residuos perigosos (RP) a través de xestores autorizados, durante o curso 2016-2017 retiráronse as seguintes cantidades:



	outubro 2016	marzo 2017
Total RP (kg)	11.743	10.220

Trabállase tamén na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de tódolos centros da UVigo, para isto, colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático e electrónico potencialmente reutilizable.

Neste curso, o ratio en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi dun 10%. A cantidade total tratada a través de xestor autorizado deste tipo de residuos foron uns 6.010 kg.

Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) retirados no curso 2016-2017

	Reutilizados / GRUVI	Xestor autorizado
CPUs	45	207
Monitores	45	196
Impresoras + scanners	3	138
Caixas con material variado	-	77
Outros equipos eléctricos	-	171
TOTAL	93	789

Séguese traballando no seguimento e cuantificación do impacto ambiental da UVigo en base ao estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica. Estes dous indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos. Están a disposición da comunidade universitaria na web da OMA: <http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>

## 2. Sensibilización e formación

Durante este curso continuouse Programa de Educación Ambiental cos itinerarios “Universidade é Natureza” e “Ruta das Árbores” dirixido a estudantes de centros de ensino obrigatorio, membros da comunidade universitaria e persoas alleas a esta, organizados en grupos de visita. O obxectivo é dar a coñecer a grande variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas

consideradas senlleiras polo seu porte, rareza ou idade.

Dentro do ámbito do Desenvolvemento Sustentable e a Xestión Ambiental convocáronse 2 bolsas de formación para estudantes de pos-grao e na convocatoria para a formación do alumnado nos Programas do Plan SuMA (Plan de Sustentabilidade e Medio Ambiente da UVigo) asignáronse 5 bolsas.

## 3. Conservación do medio natural

No que respecta ao control e erradicación de fauna e flora invasora, continúaase co seguimento global e o control das especies de flora exótica e invasora (mimosa, acacia negra, robinia, eucaliptos, canaveiras, Oenothera, Cortaderia, Brachypodium, Persicaria, etc.) Ademais, lanzouse un programa de voluntariado en colaboración coa Delegación de Alumnos Ciencias do campus de Vigo, para o control e erradicación das especies *Persicaria capitata* e *Oenothera glazioviana*,

Séguese coa captura de cangrexo roxo americano, tartarugas de Florida e carpíns na lagoa de Humanidades do campus de Vigo. En Ourense, dentro do mantemento de estanques, xestiónase a eliminación de carpín dourado no Parque Ambiental do estanque do campus novo.

Desde a Unidade de Xardinería faise un traballo constante ao longo do ano na xestión da conservación de zonas verdes así como traballos complementarios relacionados.

No campus de Vigo en relación coa xestión de residuos, entre outros, traballouse na recollida de grandes volumes de residuos inertes, así coma o seu clasificado para reciclaxe ou almacenamento temporal e tamén de residuos vexetais producidos nos traballos de conservación de zonas verdes. Plantáronse árbores e arbustos, instaláronse tres xardíns interiores na Torre CACTI e CACTI-CINBIO e realizouse o anteprojecto para a restauración e tratamento paisaxístico de 3.500 m<sup>2</sup> na súa contorna.

No campus de Pontevedra restauráronse uns 500 m<sup>2</sup> de cuberta herbácea na parcela 1, plantación de 8 árbores na contorna de Ciencias do Deporte e na parcela 1. Nesta campus, colaboran co Taller de Madeira de Forestais na catalogación e inventario das árbores e arbustos do campus e na preparación para a instalación de rótulos nas árbores singulares.

No campus de Ourense, elimináronse niños de procesionaria dos piñeiros do campus sur, colocáronse plantas acuáticas no estanque de Prado Lonía e tamén se plantaron árbores no Xardín Ambiental do campus novo. Ademais, no ámbito da posta en coñecemento das especies arbóreas iniciouse un novo sistema consistente na realización dun mapa accesible polo público a través da aplicación Google Maps á que se accede por medio dun código QR que se situará en lugares estratéxicos do campus, de xeito que calquera visitante provisto dun teléfono móbil ou tablet, poida coñecer in situ a especie á que pertence cada planta.



## Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

### 1. Voluntariado

#### Campus de Vigo

##### Proxectos propios: 4

GRUVI, OMA, PIUNE e Servizo de prevención de riscos laborais.

##### Proxectos alleos: 18

ACLAD Alborada, Aldeas infantís Sos Galicia, AECC, Amigos da terra, ASDEGAL

CÁRITAS (Morrado, Pontevedra, O Salnés, Montes, Umia, Coruña...), CARITAS parroquial de Aldán, CUME, Down, FEAFES Galicia, Integra, Juan Soñador, Médicos/as do mundo Galiza, Meniños, Scouts de Galicia, TERANGA, XARUMA e Xentenova.

R.R. do 19 de Outubro de 2016, pola que se publica a convocatoria de doazón de material informático en desuso da Universidade de Vigo.

Solicitudes presentadas:7

Solicitudes resoltas favorablemente:7

### 2. Atención á diversidade

#### Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE)

Recepción e tramitación das solicitudes PIUNE e inclusión no programa.

Resolución das solicitudes PIUNE nas reunións da Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (COATEN) celebrada o 5 de outubro de 2016.

Destacar a convocatoria de axudas específicas a cinco persoas con necesidades educativas especiais:

- Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación – Campus de Pontevedra: Unha persoa con dificultades de mobilidade e comunicación. Se sacan dúas bolsas de integración.
- Facultade de Belas Artes – Campus de Pontevedra. Unha persoa sordomuda, resólvese cunha bolsa de integración.
- Facultade de Ciencias Xurídicas – Campus de Vigo. Un alumno con síndrome de ásperger. Resólvese con dous bolseiros.

- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo – Campus de Ourense. Unha alumna con áasperger. Resólvese cunha bolsa.
- Facultade de Filoloxía e Tradución – Campus de Vigo. Dúas contratacións externas para unha alumna xordomuda.

**Gabinete Psicopedagóxico**

O Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo é un departamento adscrito ao servizo de Extensión Universitaria. Obradoiros organizados polo Gabinete psicopedagóxico no curso 2016-2017. Total 4 obradoiros organizados dos que 4 se cancelaron por non acadar o mínimo de matrícula.

Nº de consultas atendidas: 350.

**3. Convocatoria de bolsas de aloxamento 2015/2016**

R.R. do 16 de marzo de 2016 pola que se convocan prazas e axudas de aloxamento nas residencias de estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2016/17 e R.R. do 13 de abril de 2016 que modifica R.R. do 16 de marzo de 2016.

Centros propios: 2. Complexo residencial O Castro (Vigo) e Residencia universitaria As Burgas (Ourense).

Centros concertados: 2. Residencia concertada A Peregrina (Pontevedra) e Complexo residencial concertado Alcai (Allariz).

Tramitación de pagos da convocatoria de bolsas de aloxamento 2016/17 con cargo aplicación orzamentaria 0000 121D 482.15, un total de 57.600€ para o ano 2016 e 32.000€ para o ano 2017.

**4. Cursos de Extensión Universitaria no Campus de Vigo**

R.R. DO 24 de maio de 2017, pola que se publica a

Número de rexistro	Nome da asociación	Presidente/a
034	Grupos bíblicos universitarios da Universidade de Vigo	Julián David Calle Crisancho
108	Asociación para a integración de estudantes estranxeiros	Andrea Rodríguez Rodríguez
110	Asociación Trablingua	Nuria Vilán Prado

Táboa 1

convocatoria de axudas para organizar os cursos de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo do ano 2017.

Concedidos: 5, dos que se cancelou 1 por non acadar o mínimo de matrícula.

Outras actividades: Achégate ao sur

**5. Axudas de actividades extraacadémicas e de difusión de cultura do Campus de Vigo**

Segundo R.R. 19 de xaneiro de 2016 e R.R. do 31 de xaneiro de 2017, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar actividades extra académicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2016 e 2017, respectivamente.

Concedida axuda a un total de 26 actividades no curso 2016/2017.

**6. Convocatoria de axudas para accións participativas e asociacionismo no Campus de Vigo**

R.R. do 31 xaneiro de 2016, pola que se publica a convocatoria de axudas para acción participativas e asociacionismo da Universidade de Vigo para o ano 2016.

Total : 12 asociacións rexistradas actualizadas no censo de asociación estudiantís da Universidade Vigo.

Axudas concedidas: 2

**7. Convocatoria de espazos compartidos do Campus de Vigo**

R.R. de 18 de decembro de 2015 pola que se publica a convocatoria no curso 2015-2016. Mantense a distribución de espazos ata o 30 de decembro de 2017.

**8 Campus Camp (Campus de Vigo)**

O obxectivo principal do campus camp é facilitar a conciliación familiar aos traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo, durante as vacacións estivais dos seus fillos e a das súas fillas. Dirixido a nenos e nenas entre 3 e 12 anos (ata 13 se participaron na edición anterior).

A participación total foi de 137 nenos/nenas no campus de Vigo e 29 no campus de Ourense.

**9 Recoñecemento de créditos**

RRegulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación, aprobado en Consello de Goberno de 10 de outubro de 2016.

Recoñecementos de créditos concedidos na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes por fecha:

- 06/09/2016: 28 cursos/actividades recoñecidos/as.
- 16/11/2016: 9 cursos/actividades recoñecidos/as.

- 23/01/2017: 18 cursos/actividades recoñecidos/as.
- 29/03/2017: 26 cursos/actividades recoñecidos/as.
- 26/04/2017: 5 cursos/actividades recoñecidos/as.
- 14/06/2017: 6 cursos/actividades recoñecidos/as.
- 26/07/2017: 10 cursos/actividades recoñecidos/as.

**10. Aulas de programas para maiores de 55 anos da Universidade de Vigo**

Ciclo intensivo: cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos (540 horas). A súa superación dará lugar ao título propio da Universidade de Universitario Sénior.

Ciclo de especialización: cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos (360 horas). A súa superación dará lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Superior Sénior.

- Convocatoria presinscrición e matrícula

- Plataforma Portal Programa para Maiores (web Uvigo) materias 2016-2017.

Número de matriculados no Programa no curso 2016/2017

Alumnado por sexo:				
Centro	Estudo	Home	Muller	Total
Vicerreitoría de Extensión Universitaria	Universitario Sénior	149	263	412
Vicerreitoría de Extensión Universitaria	Universitario Superior Sénior	66	78	144
	Total	215	341	556

Campus	Estudo	Home	Muller	TOTAL
Ourense	Universitario Sénior	31	70	101
	Universitario Superior Sénior	27	47	74
Pontevedra	Universitario Sénior	23	46	69
	Universitario Superior Sénior	7	2	9
Vigo	Universitario Sénior	95	147	242
	Universitario Superior Sénior	32	29	61
	Total	215	341	556

Rango de idade	Home	Muller	Total
Menores de 65	65	151	216
De 65 a 75 anos	125	173	298
De 76 a 85 anos	25	17	42
Maiores de 85 anos	0	0	0
Total	215	341	556

V81FCIV30V01 Formación Continua Universitario Sénior			
Rango de idade	Home	Muller	Total
Menores de 65	0	4	4
De 65 a 75 anos	3	2	5
De 76 a 85 anos	1	2	3
Maiores de 85 anos	0	0	0
Total	4	8	12

## 11. Programación de actividades culturais no Campus de Vigo

### 1º cuadrimestre 2016/2017

- Obradoiros campus Vigo: 10 obradoiros dos que se cancelaron 3 por non acadar o mínimo de matrícula

Programación música, teatro e cine:

- Música: Son galego, son cubano e concerto de nadal: Guadi Galego e convidados.
- Teatro: A grito pelado.
- Cine: XXVI Semana de Cine Submarino de Vigo e IV Ciclo de cine e lingua: 5 películas
- Ensaíamos
- Exposición tecido cru II

### 2º cuadrimestre 16/17

- Obradoiros campus Vigo: 9 obradoiros.
- Teatro: XIX MITEU: 6 obras
- Exposición: Tecido Cru II en Santiago.
- Concertos: Concerto fin de curso do coro universitario e Concerto Ensaíamos colleita 2017: 4 grupos
- V e VI Ciclos de cine e lingua.
- Concursos Universidade de Vigo :

- XV premio de Creación Audiovisual Universidade de Vigo

*Modalidade curta narrativa:* 1º premio: “Astral” e 2º premio: “La última pista”.

*Modalidade documental:* 1º premio: Deserto e 2º premio: Deserto.

*Modalidade animación:* 1º premio: “Susan” e 2º premio: “Mina”. Accésit: “Estela”.

*Modalidade vídeo experimental:* 1º premio: “Phalena Lunata” e 2º premio: “El papel del dibujante”

- XIII Certame de Fotografía Universidade de Vigo

*Serie:* 1º premio: “It’s all for sale” e 2º premio: “Ai ghei guei, o que poderías ter feito

*Única:* 1º premio: “El jefazo” e 2º premio: “Perspectiva en tensión”.

- XIV Premio de Pintura Universidade de Vigo: “Y quemada”.

- XIV Premio de Maquetas de Música Universidade de Vigo:

*1º Premio:* “Han shot first”

*2º Premio:* “A dignidade non se merca”.

## 12. SIOPE

Asistencia Stands / Feiras / Outros eventos: asistiuse a un total de 15 de estes eventos a nivel nacional e internacional.

Charlas de Orientación Xeral en IES: Impartíronse 65 charlas a que asistiron 4500 alumnos de centro de secundaria, tanto de bacharelato (1º e 2º curso) como de FP e en algún caso de 4º de ESO.

Foron 40 centros da provincia de Pontevedra, 13 da provincia de Ourense e 10 da provincia da Coruña e 2 da provincia de Lugo.

Charlas de carácter específico: Coordinouse a impartición de 15 charlas a un total de 1000 estudantes.

Visitas de IES á Universidade: Tivemos a visita de 26 centros cun total de 2000 estudantes.

Xornada de Orientación: cunha asistencia cercana aos 2000 estudantes.

Participación en Programas de acollida a novos alumnos: Cursos 0 de varios centros, Programa de Maiores, Programa Erasmus e Programa SICUE.



## Vicerreitoría de Investigación e Transferencia

Ao longo deste curso académico, no ámbito da Investigación e Transferencia, desenvolveuse o Programa de axudas á investigación da Universidade, convocatoria aprobada no Consello de Goberno de 20 de marzo de 2017, cun importe total orzamentado de 1.557.500 euros, no que se inclúen distintos tipos de axudas, con especial énfase nas destinadas ao persoal investigador en formación.

En relación coa Produción de Investigación e Produción de Transferencia, publicouse a avaliación definitiva do ano 2015 e iniciouse o proceso de avaliación do ano 2016 (os criterios aprobáronse no CG de 19 de xullo de 2017).

Ao longo deste curso, mantívose o compromiso institucional cos recursos humanos de investigación, e o esforzo no desenvolvemento de convocatorias orientadas á retención e captación de persoal investigador. Así, foi aprobada, e resolta, a convocatoria do Programa de contratación de Persoal postdoutoral cara á Intensificación investigadora do profesorado Axudante doutor (aprobada en CG 19 de xullo de 2017). De igual xeito, promovéronse outras convocatorias e ferramentas destinadas ao apoio aos grupos de investigación da Universidade, como a Convocatoria para o anticipo de financiamento estrutural a grupos e persoal de investigación de traxectoria destacada (aprobada en

CG de 16 de decembro de 2016), o Protocolo para o desenvolvemento do Programa Soporte á xestión económica de grupos de investigación para o período 2018-2021 (aprobado en CG de 9 de outubro de 2017) ou a Convocatoria de axudas para o desenvolvemento e consolidación de EBTs da Universidade de Vigo nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Dentro das iniciativas promovidas pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia neste ano, destaca especialmente a concesión á Universidade de Vigo do selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación (HRS4R) da Comisión Europea. Tamén merece especial mención a posta en funcionamento do Buscador de I+D+i da Universidade de Vigo – BIDI.

No apartado de organización de eventos, destaca pola transcendencia no eido da I+D+i española, a celebración en Vigo, en decembro de 2016, das XXIV Jornadas de Investigación de las Universidades Españolas, organizadas pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

No relativo aos centros de apoio e centros singulares de investigación da universidade, destaca a consolidación da plena actividade no novo edificio do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), no Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)

e no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI); merece unha mención especial o acto oficial de inauguración celebrado o 5 de decembro de 2017, coa asistencia da Secretaria de Estado de I+D+i e outras autoridades, do edificio CACTI-CINBIO, ao que se deu a denominación Edificio Olimpia Valencia, en homenaxe á figura desta medica viguesa pioneira na incorporación da muller ao ámbito da investigación e a medicina.

Resumindo o apartado de valorización e comercialización dos resultados de investigación, no curso 2016- 2017 presentáronse 31 solicitudes de patentes (19 nacionais e 12 internacionais), formalizáronse 7 acordos de licenza e 5 de transferencia de material, e creáronse 2 EBTs.

No que respecta aos resultados acadados na captación de recursos externos de I+D+i, no ano 2017 distínguense os apartados de proxectos, actividades contratadas de I+D+i e convenios. No apartado de proxectos obtívose un total de 18.883.233 euros, o que supuxo un incremento do 33% con respecto ao balance do ano 2016, e de mais do 90% comparado co balance de decembro de 2015. Desta cantidade, o 36% correspondeu a convocatorias europeas, o 21% a convocatorias estatais e o 43% restante a convocatorias de ámbito autonómico. En total, obtiveron financiamento 106 proxectos ou accións de investigación (24 europeos, 37 estatais e 45 autonómicos). No que respecta á distribución por ámbitos, destaca especialmente o ámbito tecnolóxico, con 46 axudas financiadas, seguido do científico (38 axudas), o humanístico (13 axudas) e o xurídico-social (9 axudas).

En relación co apartado de ingresos por actividades de transferencia, acadouse un total de 6.387.987 euros. Dentro desta cantidade, as actividades contratadas de I+D con empresas e institucións (contratos de investigación,

informes e cursos), supuxeron 5.227.375 euros. Formalizáronse un total de 103 contratos por un importe de 4.270.870 euros e 466 informes e cursos, por un importe de 956.505 euros. No que respecta ao reparto por ámbitos, destaca especialmente a contribución do ámbito tecnolóxico, con un 65% das actividades realizadas, seguido do científico (25%), o xurídico-social (8%) e o humanístico (2%). Adicionalmente, os ingresos por actividades de transferencia inclúen os fondos acadados na convocatoria Ignicia da Xunta de Galicia, na que foron concedidos 1.160.612 euros para o desenvolvemento comercial de 3 iniciativas de grupos do ámbito tecnolóxico da Universidade.

Adicionalmente, no apartado de captación de recursos externos deben mencionarse os ingresos derivados de convenios coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e outras institucións, entre outros, os cales aportan cerca de 5 millóns de euros.

En resumen, ao longo do ano 2017 e a pesar de que están pendentes de resolución algunhas convocatorias de axudas e que este ano non houbo convocatorias de axudas para a adquisición de infraestruturas científicas, obtivéronse recursos por máis de 30 millóns de euros, o que supón un incremento do 21% con respecto aos resultados acadados na mesma época do ano 2016, e de cerca do 60% con respecto aos informados no ano 2015. Este incremento débese principalmente aos bos resultados obtidos en convocatorias competitivas europeas e autonómicas, e tamén en convenios con institucións. Destácase especialmente o éxito en convocatorias europeas, pola súa relevancia estratéxica e contribución á internacionalización e á visibilidade da universidade.



## Vicerreitoría do Campus de Ourense - Campus da Auga

### Actividades culturais

#### Exposicións:

- Sala Alterarte: Seis fisterras de auga, de J.F. de Laiglesia/Juan Luis Moraza, Imaxes, xestos, voces, de Mar Caldas/X.M.Buxán Bran, A medida do mundo, de J.Andrés Santiago/ ana Soler, Pecha aspás, de María Prada/Anne Heyvaert, Encruzilhadas, de Mónica Oliveira /Javier Blanco Sierra.
- Outono Fotográfico: Imaxes, xestos, voces, de Mar Caldas /X.M. Buxán Bran; Ventás para unha fuga, de Álex Mene; Augas vertentes, comisariada por X.L.Vázquez e Celia Simón; Caos sensible, de Andrea Valado; Mírame, tócame, sobre libro de fotografía; XIII Certame de fotografía da Uvigo, colectiva
- As caras dos libros. O deseño das capas na obra de Carlos Casares

#### Teatro:

9º FITO (Festival internacional de teatro de Ourense), do 7 ao 19 de outubro; 13 MOTI (Mostra de teatro infantil), do 18 ao 30 de decembro; 22 MITEU (Mostra internacional de teatro universitario), do 20 de abril ao 5 de maio.

#### Obradoiros de extensión:

- Primeiro cuadrimestre: 10 obradoiros
- Segundo cuadrimestre: 9 obradoiros

#### Cursos de extensión:

7 cursos de verán e extensión universitaria, entre xuño e setembro de 2017

#### Outra programación cultural:

##### Primeiro cuadrimestre:

- Youtubeiros (todo o curso)
- Concerto de nadal con Vaamonde, Lamas & Romero e a banda Unión Musical de Allariz, o 12 de decembro

##### Segundo cuadrimestre:

- Letras galegas 2017, 16 de maio na biblioteca Rosalía de Castro
- XXVI Encontros literarios (24, 26 e 31 de xaneiro) con Elisa Vázquez de Gey, Pedro Feijoo e Manuel Núñez Singala
- RosalíaTe, 24 de febreiro, concurso de videopoemas
- V Portugués Perto, do 6 ao 10 de marzo
- Venrespirar, 10 de marzo

*Coro:*

- Actuación no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar
- Graduación do Programa de maiores no Campus de Vigo
- XV Gala do deporte universitario
- Seis actos de graduación

*Área de Deportes*

As instalacións con las que contamos son as seguintes: Pista de atletismo, campo de herba sintética, pistas de squash, pistas de tenis de herba sintética, pista polideportiva cuberta e sala de cardio fitness

A asistencia a cada unha delas foi:

- Pista de atletismo: 3454 usuarios individuais. Dos cales 587 foron mulleres e 2807 homes. E 60 de entidades xurídicas, cunha media de 15 persoas cada unha.
- Campo de herba sintética: 1.516 reservas.
- Pistas de squash: 1072 usuarios. Dos cales 34 foron mulleres e 1038 homes. E 29 de entidades xurídicas, cunha media de 10 persoas cada unha.
- Pistas de tenis: 1.201 reservas.
- Pista polideportiva cuberta: 1.136 reservas.
- Sala de cardio fitness: 32.440 usuarios. Dos cales 11.817 foron mulleres e 20.623 foron homes.

A sección de equipos federados do Campus de Ourense está formado por:

- Club de Baloncesto masculino e feminino
- Club Xadrez Ourense
- Club dereito - empresariais de tenis
- Club Campus Ourense Rugby

*Escolas Deportivas*

Temos ao redor de 40 escolas deportivas que se imparten no pavillón e en diferentes ximnasio da cidade. Nas que houbo 179 inscritos, dos cales 147 foron mulleres e 32 homes.

Nos CDA matriculáronse 38 alumnos. Dos cales 32 foron mulleres e 6 homes.

*Rutas Culturais*

Nesta actividade tivemos un total de 815 inscritos, dos cales, 428 foron mulleres e 387 homes.

*Eventos*

Neste curso desde o Servizo de Deportes organizáronse varios eventos:

- Saída da proba Correndo por Ourense. Setembro.
- Torneo Campus Xadrez. Outubro. 60 participantes.
- Master Class Zumba. Decembro. 77 participantes.
- Patinaxe artístico. Abril maio e xuño. 200 participantes.
- Campionato Galego de 10.000 en aire libre. Abril.
- Torneo Internacional Fútbol Gaélico. Abril
- Technium Party. 500 participantes. Maio.
- Campionato Internacional de Atletismo. Ourense Termal. Athletics Meeting. Maio.
- Xornada Iniciación ao Rugby.. 80 participantes. Xuño
- Patinaxe Roller Blade.. 60 asistentes. Xuño
- IV Torneo Internacional de Xadrez. . 88 participantes. Xullo
- Clinic Baloncesto Fundación AGR. 50 participantes. Xullo

*Área de Infraestructuras e Desenvolvemento*

- Elaboración e resolución da convocatoria de utilización de espazos no Centro Institucional do Campus da Auga. Foron concedidos 10 laboratorios de investigación e 2 espazos de investigación de 80 m.2 nos laboratorios de hidráulica a diferentes grupos de investigación pertencentes aos 4 ámbitos de coñecemento do Campus.
- Deseño e asignación de espazos para os laboratorios especiais do Grao en Enxeñería Aeroespacial no Centro Institucional do Campus Auga: laboratorio de propulsión e motores, laboratorio de aerodinámica, laboratorio de materiais e resistencia de materiais e laboratorio de espacial.
- Posta en marcha do Programa de Doutoramento “Auga, desenvolvemento e sostenibilidade” que se enmarca como unha das liñas de orientación estratéxicas do Campus do Auga.

- Elaboración do informe do Plan Estratéxico e Plan de Financiamento para os anos 2017 e 2108 do Centro de Investigacións Agroalimentarias, que pasará a ser Centro de Investigacións Agroalimentarias do Campus da Auga. O obxectivo foi modificar os modelos de gobernanza e de xestión do Centro co fin de poder acadar con éxito a nota de corte necesaria para o seu financiamento como Agrupación Estratéxica Consolidada/Centro Singular de Investigación na seguinte convocatoria, que se estima terá lugar a finais do ano 2108.
- Organización do Comité Científico do “II Symposium sobre Termalismo e Calidade de Vida (STCV-II)”, congreso co que se pretende consolidar un evento científico de gran relevancia que permita incrementar o potencial de desenvolvemento do proxecto de especialización do Campus da Auga. Se elaborou tanto ou libro de abstracts como ou libro de comunicacións do congreso.

*Área de Planificación do Campus de Ourense**Foros Científicos Internacionais do Campus da Auga*

Conxuntamente as áreas de Internacionalización e a de Innovación educativa e divulgación científica, organizouse o “II Congreso Internacional da Auga”, baixo o lema “Inundacions e secas”. Paralelamente, estívose a traballar no “II Symposium Internacional de Termalismo e Calidade de Vida”, que se celebrará en Ourense os días 20 e 21 de setembro de 2017. Ademais, estivemos dando os primeiros pasos para organizar, en 2018, o *III Congreso Internacional da Auga*, que terá como motivo central a historia, o patrimonio e a arquitectura relacionada coa auga.

*Xornadas de Portas Abertas do Campus da Auga e Concurso Foto-Relato Scholaris*

Co gaio da celebración do día Internacional da Auga, cada ano o Campus Universitario de Ourense - Campus da Auga celebra unha xornada de portas abertas, dirixida a alumnado de educación secundaria e bacharelato. O obxectivo é orientar ao alumnado sobre o seu futuro universitario e dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga. Neste senso, decanos/as, directores/as, persoal docente e

investigador e responsables dos servizos do Campus de Ourense - Campus da Auga, presentan as diferentes instalación e titulacións que oferta a Universidade de Vigo neste campus e as súas saídas profesionais. Así mesmo, organízanse sesións teóricas e prácticas nas súas aulas e laboratorios para dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga. Este ano, a xornada de portas abertas permitiu que aproximadamente uns 400 escolares, de educación secundaria e bacharelato, visitaran e participaran activamente do proxecto Campus da Auga. Nesta mesma xornada falláronse os premios do Concurso de foto-relato Campus da Auga Scholaris, que ten como obxectivo promover o coñecemento sobre a auga e as súas potencialidades e visibilizar o patrimonio que a nosa provincia ten no eido cultural (histórico, artístico, etnográfico...). Este ano, na súa terceira edición, permitiu visibilizar a Facultade de Ciencias e tivo como lema central “Auga, Ciencia e Desenvolvemento Sustentable”, participando preto de 200 escolares das provincias de Ourense e Pontevedra.

*I Edición dos Premios Campus da Auga*

Dentro da política de impulso e fomento da investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica relacionada co motor estratéxico de especialización do Campus de Ourense como Campus da Auga, convocouse a primeira edición dos Premios de investigación, innovación educativa e divulgación científica en temáticas relacionadas coa auga, coa finalidade de recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos, que contribúan á promoción do Campus de Ourense - Campus da Auga. Os premios están dotados economicamente merced o convenio de colaboración institucional firmado entre a Universidade de Vigo e a empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU. O acto de entrega de premios está previsto que teña lugar en decembro de 2017.

Convocatoria mediante réxime de concorrencia competitiva para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e unha asociación non lucrativa para a realización dun programa específico de integración laboral de persoas con discapacidade no campus de Ourense.

Bolsas de mobilidade internacional “Ourense exterior”

Bolsas para o apoio na difusión das actividades culturais e deportivas.



*Gabinete psicopedagógico do Campus de Ourense*

Mes	Consultas atendidas		Accións formativas realizadas	Horas impartidas	Asistencia por sexo	
	Mulleres	Homes			Mulleres	Homes
Setembro	204	56	“Traballo en equipo”	20 h	209	129
Outubro	116	73	“Meditación e creatividade”	5 h	25	9
Novembro	96	51	“Need reading e mind mipping”	15 h	14	3
Decembro	75	29				
Xaneiro	147	93				
Febreiro	156	50	“Formación en acollemento de can-guía”	12 h	577	169
Marzo	212	82	“Xornada superación”	2,5 h	36	8
Abril	70	15				
Maio	140	37				
Xuño	98	34	“Ioga da risa”	6 h	27	3
Xullo	2	3				

*Escola infantil do Campus de Ourense*

Estadística de uso do servizo:	Nenos	Nenas
Grupo 0-1 anos	1	1
Grupo 1-2 anos	7	10
<b>Grupo 2-3 anos</b>	10	15


*Convenios asinados*

- Convenio marco de colaboración con VIAQUA
- Convenio marco de colaboración con Dreams Factory Advertising
- Convenio marco de colaboración con Componentes Aeronáuticos COASA, SAU
- Convenio de colaboración coa Agrupación de Libreiros
- Convenio marco de colaboración coa Asociación de Dano Cerebral RENACER, para a realización dun programa de prácticas na Universidade de Vigo
- Convenio marco de colaboración coa Asociación de empresarios Polígono de San Cibrao
- Convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil polo que se instrumenta a entrega dunha subvención

para a creación dunha revista xurídica especializada en Dereito de Augas e Medio Ambiente.

- Convenio marco de colaboración co Concello de Oímbra
- Convenio específico de colaboración en materia de documentación histórica co Concello de Oímbra
- Convenio coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento do programa de bolsas Ourense Exterior
- Convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense, e Addenda para a realización do curso de formación “Didáctica da ficción e creación literaria
- Convenio marco coa Fundación Dorzán
- Convenio de creación dun Observatorio de Estudos sobre corrupción pública na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo (Campus de Ourense) xestionado académicamente polo grupo de investigación Medea Iuris

Asinados 42 Convenios de cooperación educativa.



## *Vicerreitoría do Campus de Pontevedra*

O curso 2015/2016 finalizou cun fito importante para o proxecto de especialización do campus de Pontevedra CREA S2i no referido á súa área de coñecemento de medio ambiente e de natureza. Presentouse da man da Escola de Enxeñaría Forestal o informe de resultados da industria da madeira e do sector forestal en Galicia en colaboración coa Confederación Galega de Empresarios da Madeira, Confemadera Galicia. Foi a primeira vez que se contou cunha institución de ensinanza superior para elaborar o devandito informe, que é a referencia do sector en Galicia.

O curso 2016/2017 comezou con dous eventos significativos para o campus de Pontevedra e o seu proxecto de especialización. Por unha banda, celebrouse por primeira vez a Semana Europea da Mobilidade como unha das iniciativas incluídas no segundo plan de acción do proxecto Green Campus e a terceira edición do Pont Up Store coa participación de 36 proxectos de emprendemento de España e Portugal. Ambos os eventos poden enmarcarse no eido da transferencia do campus de Pontevedra, pero tamén gardan relación coa investigación, cultura e internacionalización, así como coas obras e infraestruturas.

Comezando precisamente por este último, cabe salientar que xunto con accións específicas nas distintas instalacións

pertencentes ao campus no eido da seguridade, prevención de incendios e arranxos diversos, no presente curso completouse a instalación do Gas Natural en todos os centros coa Escola de Enxeñaría Forestal e a Facultade de Fisioterapia. Outra medida de aforro enerxético é a progresiva colocación de lámpadas LED e o avance na implantación do plan de accesibilidade. De feito, colocáronse nas facultades de Belas Artes, de Fisioterapia, de Ciencias da Educación e do Deporte, na Escola de Enxeñaría Forestal e no pavillón universitario portas automáticas que permiten minimizar as fugas de calor. No pavillón universitario ademais instalouse o ascensor para darlles acceso ás bancadas. Na parcela 1 acometéronse diversas obras de humanización e de accesibilidade dende a avenida de Compostela.

Volvendo ao apartado de transferencia e investigación, cómpre destacar a sinatura dos seguintes convenios: un convenio de colaboración para avanzar nunha xestión sostible dos residuos coa Deputación de Pontevedra e co Concello de Pontevedra e que conta cun financiamento de 230 000 euros durante os próximos tres anos. Tamén se concretou un acordo coa Deputación de Pontevedra para impulsar a mobilidade do alumnado. O ente provincial destina 100 000 euros a bolsas para o alumnado participante no programa Erasmus+. A Deputación de

Pontevedra ademais destina 170 000 euros a un proxecto para o desenvolvemento dunha tecnoloxía de detección con drons de especies invasoras e prevención de lumes forestais.

Iniciáronse as primeiras conversas para buscar alianzas co Brooklyn College dentro do proxecto de especialización CREA S2i. Helen Richardson, directora do PIMA, visitou a Universidade de Vigo e mantivo varias reunións no campus de Pontevedra, entre outros, co comité de dirección técnica do CREA S2i. Este tipo de alianzas resultan fundamentais non só para a internacionalización do proxecto de especialización, senón que tamén contribúen a fortalecer o programa de doutoramento en creatividade e innovación social e sustentable que foi presentado no curso 2016/2017 e comezará a impartirse no curso 2017/2018.

Celebrouse a terceira edición da Semana Internacional da Creatividade e da Innovación cunha vintena de actividades e a presenza de Juanjo Giménez, director da curtametraxe *Timecode*, nominada aos Óscar.

A cátedra Jean Monnet Understanding the EU in the 21st Century e o CREA S2i presentaron unha xornada chea de exemplos de boas prácticas na cooperación entre a Universidade e as empresas e nas que o tecido empresarial coñeceu as canles de financiamento dispoñibles a través do programa Erasmus+. Completouse esta iniciativa con dúas xornadas de reunións postas en marcha polo CREA S2i no que investigadores/as das catro áreas de coñecemento do proxecto de especialización se reuniron con empresarios/as e asociacións das correspondentes áreas. Tamén se organizaron por primeira vez as Xornadas Técnicas de AEMPE para fortalecer o vínculo entre emprendemento e Universidade e o reitor achegou o potencial en I+D da Universidade ao Rotary Club.

O grupo de investigación G4 Plus analizou xunto con outros vinte especialistas e investigadores 1,1 millóns de datos, salto cualitativo baixo os preceptos do CREA S2i e presentou o informe do Observatorio Urbano 2015 do Concello de Pontevedra.

O campus de Pontevedra tamén volveu participar no programa Ponteenciencia-Feira da Miniciencia con preto de 300 estudantes de oito colexios que se reuniron na Escola de Enxeñaría Forestal, así como en Edugal, Salón da Oferta de Educación e Formación de Galicia. Para

ir finalizando con este apartado, cómpre destacar as numerosas iniciativas protagonizadas polo alumnado do campus de Pontevedra como son o programa de radio *O Escaparate*, os premios de creatividade We Are Ads, o Proxecto Táctil, unha exposición comisariada pola decana, Silvia García, para a que foron seleccionadas as creacións de dez alumnas pola súa especial condición táctil de texturas e procedementos ou o «Campus Illa San Simón», no cal alumnos e alumnas de cinco titulacións presentaron no Sinsal Son Estrella Galicia catro proxectos que unen tecnoloxía e creación artística.

No curso 2016/2017 celebrouse a décima edición do debut da Escola de Esdemga (Estudios superiores de deseño téxtil e moda de Galicia). Por primeira vez foi seleccionada para participar nun encontro internacional de escolas de moda en Londres e no desfile internacional da Graduate Fashion Week da capital inglesa.

- Federica Murmura, **Gilberto Santos**, Laura Bravi. Supply Chain Management of Quality: a model of vendor rating. Comunicação aceptada para apresentação na M2D2017 - 7th International Conference on MECHANICS AND MATERIALS IN DESIGN. ISBN: 978-989-98832-6-0. ALBUFEIRA/ ALGARVE, PORTUGAL June11-15, 2017
- **Gilberto Santos**, Maria João Felix, **Enrique Mandado** – Philosophy of Technology and its application on mechanics and materials in design. Comunicación presentada no M2D2017 - 7th International Conference on MECHANICS AND MATERIALS IN DESIGN. ISBN: 978-989-98832-6-0. ALBUFEIRA/ ALGARVE, PORTUGAL June11-15, 2017
- Fátima Ribeiro; **Gilberto Santos**, Manuel Ferreira Rebelo, Rui Silva – Integrated Management Systems: trends for Portugal in the 2025 horizon. Comunicación presentada na 7th Manufacturing Engineering Society International Conference (MESIC 2017), Vigo, Spain, June 28th to 30th 2017.
- Daniela Santos, Manuel Rebelo, **Gilberto Santos**. The Integration of certified Management Systems. Case Study – Organizations located at the district of Braga, Portugal. Comunicación presentada na 7th Manufacturing Engineering Society International Conference (MESIC 2017), Vigo, Spain, June 28th to 30th 2017.

- Laura Bravi, Federica Murmura, **Gilberto Santos** (2017). Attitudes and Behaviours of Italian 3D Prosumer in the Era of Additive Manufacturing. Comunicación presentada na 7th Manufacturing Engineering Society International Conference (MESIC 2017), Vigo, Spain, June 28th to 30th 2017.
- **Manuel Doiro**, **F.J. Fernández**, M. Félix, **G. Santos** (2017). ERP - machining centre integration: a modular kitchen production case study. Comunicación presentada na 7th Manufacturing Engineering Society International Conference (MESIC 2017), Vigo, Spain, June 28th to 30th 2017.
- **Enrique Soto Campos**, **Gilberto Santos**, **Serafin A. Pérez López**, **Enrique Mandado Pérez**. El Aprendizaje basado en problemas y proyectos combinado con el aprendizaje. Comunicação apresentada no VII Fórum Internacional de Innovación Universitaria (12 al 14 de julio de 2017 – Vigo, España)

#### Libros

- Jose Antonio Afonseca, **Antonio Gilberto Santos**. Gestão de ideias – uma componente essencial para obter a inovação e a excelência em negócios – uma ideia para mudar Portugal. Vida Económica, Jan 2017. ISBN978-989-768-298-8.
- Laura Bravi, Federica Murmura, **Gilberto Santos** (2017). Associate editor das comunicações do “Symposium \_14 – *Quality Management: Theory, Applications and case suties*”, integrado nos proceedings da 7th International Conference on Mechanics and Materials in Design (Portugal), 11-15 July 2017. Co-autor de 2 comunicações. pp 679-680; pp 681-682. ISBN:978-989-98832-6-0.
- Luis F. Silva, Eurico Seabra, Helder Carvalho, **Gilberto Santos** (2017). Associate editor das comunicações do “Symposium \_17 – *Mechatronics Design: Applications and Case Studies*”, integrado nos proceedings da 7th International Conference on Mechanics and Materials in Design (Portugal), 11-15 July 2017. ISBN: 978-989-98832-6-0.

#### Organización de Congresos

MESIC 2017

O Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG), A Universidade de Vigo e a Asociación de Industriais de Metalúrgicos de Galicia ( ASIME),

organizaron o 7º Congreso Internacional da Sociedad de Ingeniería de Fabricación (MESIC20177 que se celebrou en Vigo os días 28, 29 e 30 de Xuño no Auditorio Mar de Vigo. (<http://www.sif-mes.org/en/congresos-mesic/>)

Este Congreso Internacional constitúo un punto de encontro entre profesionais, investigadores e docentes en Enxeñería de Fabricación sobre os seguintes campos da fabricación: Avances e innovacións en procesos de fabricación, Tendencias nos sistemas de fabricación, Metroloxía e calidade na fabricación, Tecnoloxías Asistidas para o apoio da enxeñería de fabricación, Fábrica do Futuro e Industria 4.0, Enxeñería de fabricación na sociedade (Saúde, seguridade e riscos, patrimonio, ensino, aprendizaxe, divulgación e difusión).

O Congreso Internacional MESIC2017 celebrouse coordinado polo Catedrático D. Enrique Ares da Universidade de Vigo. No Comité Científico participaron investigadores punteiros de Galicia, doutros puntos de España, Europa, USA, Nova Zelandia, Xapón etc. Tamén se contou con membros dos principais organismos, centros tecnolóxicos e científicos destes países (máis de 25 nacionalidades diferentes).

Os traballos aceptados e rexistrados han sido publicados no Libro de actas e en Procedia Manufacturing, publicación indexada en SCOPUS logo da revisión por pares.

Tamén se celebraron conferencias magistrais plenarias que tiñan como obxectivo dar unha visión da evolución e os avances da investigación en Procesos e Tecnoloxías de Fabricación. As conferencias se centraron nos recentes desenvolvementos e aplicacións da intelixencia nas máquinas, ferramentas e equipos en produción, así como os seus impactos reais nas tecnoloxías e procesos de fabricación no contexto de Industria 4.0.

Comité Organizador:

- Presidente: D. Enrique Ares Gómez (IEA-Universidade de Vigo-ICOIIG)
- Vicepresidente: D. Oriol Sarmiento Díez (ICOIIG)
- Coordinador de Secretaria Técnica: D. Francisco Javier Fernández López (IEA-Universidade de Vigo-ICOIIG)
- Coordinador de Asuntos Económicos: D. Pablo Pérez Vázquez (ICOIIG)

- Coordinador de Actividades Paralelas: D. Roberto Carlos González Fernández (ICOIIG)
- Coordinador de participantes: D. Manuel Doiro Sánchez (IEA-Universidade de Vigo)
- Coordinadora de Patrocinios: Dña. Alejandra Martínez Rodríguez (ASIME)
- e 23 Vocales.

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Auditorio Palacio de Congresos Mar de Vigo sito na Avenida de Beiramar en Vigo

DATOS XERAIS: A asistencia ao congreso foi 230 participantes, profesionais, investigadores de Galicia, España, USA, Europa, Nova Zelandia, docentes en enxeñería de fabricación e estudantes de doctorado.


Hemos contado con 8 conferenciantes internacionais que proviñan de prestixiosas Universidades tales como Politecnico dei Torino, Crafield School of Management, Budapest University of Tecnology and Economics, University of Antwerp, University of North Carolina, University of Denmark, University of Notre Dáme (USA), University of Bath.

O obxectivo principal do MESIC2017 foi ser un punto de encontro para investigadores da Industria, Centros de Investigación e Academia para presentar e discutir os avances recentes no campo da Enxeñería de Manufactura.

As conferencias que se han impartido tiñan como obxectivo explorar os modelos tradicionais de fabricación, como están evolucionando e como os profesionais da fabricación deben afrontar os desafíos competitivos resultantes, no contexto dun uso cada vez maior de sistemas de información dixital e tecnoloxías de comunicación na industria manufactureira e os seus procesos de transformación, Tendo en conta as novas tendencias na industria manufactureira 4.0.

**En fase de elaboración:**

Libro sobre a xestión da innovación polos profesores E. Mandado, F.J. Fernández, M. Doiro e M.G. Freitas Santos.



## *Campus do Mar*

Durante o Curso Académico 2016-2017 as principais actuacións desenvolvidas nos ámbitos de actuación do proxecto foron as seguintes:

### *Coordinación do proxecto*

Con data 18 de novembro de 2016 asinouse un Convenio Marco de colaboración entre os socios españois (Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto Español de Oceanografía) e os socios portugueses (Universidade de Aveiro, a Universidade do Minho, a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro, a Universidade de Porto, a Universidade de Coimbra, o Instituto Politécnico de Leiria, o Instituto Politécnico de Viana do Castelo e o Instituto Politécnico do Porto) do Campus do Mar, para regular a colaboración entre estas institucións e para promover o desenvolvemento dun campus transfronteirizo no ámbito das ciencias e tecnoloxías do mar.

Co obxectivo de dar continuidade o proxecto do Campus do Mar, e no marco do proceso de descentralización e

especialización da Universidade de Vigo, modificouse a estrutura orgánica da mesma, na que se inclúe a creación dun Comisionado do Campus do Mar, coa equivalencia dun vicerreitorado e que agrega nunha única estrutura organizativa as capacidades de investigación, transferencia, internacionalización, promoción do emprego e formación avanzada da Universidade no ámbito mariño e marítimo.

### *Conectividade entre os socios*

Campus Dixital do Mar: O Campus Dixital do Mar é un conxunto de servizos dixitais de e-colaboración, videoconferencia aplicada avanzada, teleensino e Web TV, deseñada co obxectivo de proporcionar aos integrantes do Campus do Mar un conxunto de “Espazos Dixitais”, que apoiem a súa labor investigadora, docente, de transferencia e de interacción coa contorna territorial. A prestación destes servizos conxuntamente cos servizos de videoconferencia AccessGrid e UVIGO-TV, realízase a través do expediente de contratación 313/15, Servizos de Operación, Mantemento e Mellora Continua do Campus Multimedia da Universidade de Vigo.



## Mellora docente e adaptación ao EEES

### Eixe estratéxico de internacionalización

No ámbito da mobilidade de estudantes, convocouse a segunda oferta de axudas de mobilidade para estudantes do programa de doutorado DOMAR destinadas a realización de estadias de investigación en universidades e centros de investigación estranxeiros de recoñecido prestixio internacional (doce axudas realizadas no Instituto Hidrográfico e o Centre for Functional Ecology de Portugal, no CEDAMEN de Brasil, e nas Universidades de Lisboa, Nuevo México, Aberdeen, Rennes1, Gent, Massey, Bretagne Occidentale, Newcastle, e Saskatchewanentre)

Dentro do ámbito da mobilidade, conseguiuuse no ano 2016 financiamento do Programa ERASMUS+, Acción KA107, para a mobilidade de estudantes, docentes e persoal de administración entre UVigo e as Universidade de Cabo Verde e UVigo e as universidades chinas de Xiamen e Ocean University of China en Qingdao.

Presentouse o proxecto **SMARCC-European Joint Doctorate on Sustainable Marine Resources and Climate Change**, liderado por Campus do Mar e presentada á convocatoria Marie Curie-ITN-EJD en xaneiro de 2017. No proxecto participan, ademais, as seguintes Universidades: University of St Andrews, University of Aberdeen, University of Stirling, University of Trás-os-Montes and Alto Douro, University of Aveiro e a Universidade do Minho, con un orzamento total aproximado de 3.800.000,00 €. O proxecto obtivo unha alta valoración pero non acadou financiación.

Elaborouse o Proxecto **BLUETRAN**. "Training network for innovative technologies and nature based solutions for sustainable harbours and urban waterfronts", no que participan investigadores do Campus do Mar e que foi presentado á convocatoria Marie Curie-ITN- ETN en xaneiro de 2017.

No eido da Cooperación ao Desenvolvemento Campus do Mar-Cabo Verde: executouse a segunda anualidade da axuda obtida na convocatoria 2015 de axudas da D.X. de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, para o proxecto Fortalecemento de institucións académicas e de investigación en Cabo Verde coma contribución ao desenvolvemento social, económico e ambiental do sector

mariño. As principais actividades desenvolvidas inclúen a execución do curso: O marco Europeo de financiación da investigación e a innovación: Horizonte 2020, impartido en xuño de 2016, e o deseño do proxecto EMPREAMAR Cabo Verde para o que se solicitou financiamento a AECID, obténdose unha subvención de estado de 72.739 €. O proxecto iniciouse en novembro de 2016, e ten como obxectivo a implementación dun programa de apoio público-privado ao Emprendemento do Mar liderado pola Universidade de Cabo Verde.

## Mellora Científica e Transferencia de Coñecemento

### Eixe estratéxico de investigación

Desenvolveuse o Programa de Captación de Talento Post-Doctoral de Campus do Mar (FELLOWSEA), cofinanciado a través dunha acción Marie Curie, (COFUND) do 7º Programa Marco, para a contratación, durante 36 meses, de 9 investigadores e investigadoras experimentadas, non residentes en España, para que desenvolvan a súa investigación nas institucións do Campus do Mar.

No ámbito da mobilidade de estudantes, docentes e investigadores convocáronse tres axudas de mobilidade financiadas polas axudas para a consolidación dos Campus de Excelencia, para estudantes do mestrado en oceanografía destinadas a realización de estadias noutras universidades da rede CELMARNET, para profesorado e investigadores do Campus do Mar para estadias noutras universidades da rede CELMARNET co obxectivo de estimular a interacción e o traballo conxunto entre os/as investigadores/as do Campus do Mar e aqueles/as pertencentes ao resto de institucións da rede CELMARNET e para estudantes do Programa de doutoramento en Marine Science, Technology and Management (DO\*MAR) para estadias de investigación en universidades e institucións estranxeiras de I+D de referencia internacional.

Dentro do programa de captación de talento xoven, desenvolvéronse no mes de xullo de 2017 e por sétimo ano consecutivo os Campus Científicos de Verán do Campus do Mar, promovidos pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT). Durante todo

o mes de xullo, 120 rapaces e rapazas chegadas de toda España participaron en 4 proxectos de achegamento científicos relacionados coas especies invasoras, a identificación xenética de especies, os habitantes dos fondos mariños e a formación xeolóxica das praias e a costa. Estes proxectos completáronse con obradoiros e actividades culturais e de lecer relacionadas co mar.

Estableceuse un Grupo de Traballo Campus do Mar-Concello de Cangas, para a análise técnica de posibles usos das infraestruturas da antiga fábrica de Massó e o establecemento dunha folla de ruta para as diferentes alternativas. Actualmente encóntrase en proceso de redacción dun documento de Análise de viabilidade das propostas de usos plantexadas.

Púxose en marcha dun Grupo de Traballo Campus do Mar-Kaleido Logistics, para o desenvolvemento dun convenio marco de colaboración del Campus do Mar-Universidade de Vigo e Kaleido e unha folla de Ruta de diferentes actuacións conxuntas de interese para ambas Institucións. O convenio foi creado e asinado no segundo trimestre de 2017.

Desenvolveuse un Grupo de traballo do Campus do Mar de potenciais usuarios finais da futura Plataforma Europea de observación do Océano Atlántico, proposta de Plataforma en fase de preparación coordinada por GMV <http://www.gmv.com/es/>, e potencialmente financiada por la ESA, que involucrará a usuarios finais de servicios e datos de satélites para diferentes usos, entre eles, a investigación e a xestión marina e marítima. Celebráronse varias reunións por vía telemática con representantes de GMV e investigadores do CDM (USC, UVigo, UDC e IEO) e próximamente terá lugar unha xuntanza presencial en Vigo para a coordinación das actividades futuras.

Colaborouse na organización das Xornadas "As implicacións das Zonas Francas no Comercio Internacional" en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e de Traballo da Universidade de Vigo que se celebrarán o 9 e 10 de novembro de 2017.

Coordínouse e xestionouse ou participouse en propostas de proxectos e solicitude a programas de financiación europeos e nacionais de I+D+i e transferencia de tecnoloxía en diversas temáticas mariñas:

- **Proxecto AMALIA**-Algae-to-Market Lab IdeAs-Adding value to marine invasive seaweeds of the Iberian

northwest, financiado na convocatoria EASME-Blue Labs: innovative solutions for maritime challenges da Comisión Europea de 2016. No proxecto participan como socios a Uvigo e institucións de I+D, asociacións privadas e empresas de España, Portugal, Austria e Holanda.

- **Proxecto EBB** presentado e financiado pola Convocatoria Interreg Espacio Atlántico de 2016. O Campus do Mar, a través do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, lidera un consorcio de 12 institucións procedentes de 6 países (EN, EL, IE, UK, FR, ERES, PT) para a creación do primeiro Biobanco Mariño de escala internacional-EBB, que acadou financiación de 2 millóns de € no programa de Cooperación Interregional do Espacio Atlántico da UE.
- **Proxecto ECOMAR** - Evaluación y monitoreo de servicios ecosistémicos marino-costeros en Iberoamérica, unha rede internacional da que forman parte organismos de investigación de seis países: España, Portugal, Brasil, Perú, Colombia e México, entre eles a Universidade de Vigo e o Campus do Mar, co obxectivo de promover a investigación e a cooperación científica e técnica relacionada coas áreas naturais protexidas que permitan mellorar a xestión das áreas así como a xeración de alianzas estratéxicas e mecanismos de coordinación e a divulgación de modelos de xestión exitosos baseados na avaliación de servizos ecosistémicos mariño-costeiros (SEMC) nos países de Iberoamérica, nun contexto de cambio global.
- **Proxecto AQUADAPT** "Plan de adaptación do sector da acuicultura mariña española ao cambio climático" que foi financiado na convocatoria de Cambio Climático da Fundación Biodiversidad de 2016. O proxecto ten como obxectivo elaborar un Plan de Adaptación ao cambio climático no sector de la acuicultura mariña, con énfase nas especies de dorada, lubina e rodaballo, no horizonte 2050, a partir dun diagnóstico do impacto actual ao que está sometido e da exploración de posibles tendencias. No proxecto participan varios investigadores do Campus do Mar (UVigo e USC) e varios clústeres empresariais e asociacións privadas do sector de la acuicultura (CETGA e CTAQUA).
- **Proxecto "PREMATTE** - Prevent Marine Litter", liderado por entidades privadas portuguesas

con competencias en xestión de residuos e coa participación do Campus do Mar, o CIIMAR, a Universidade Nova de Lisboa, LIPOR, Smart Waste Portugal e a Universidade de Burdeos, que foi presentado á 2ª convocatoria Interreg V SUDOE 2014-2020 en abril de 2017.

- **Proxecto LIFE e-draga2:** Solucións de dragado ecolóxico: definición de plans de xestión e alternativas medioambientalmente sostibles, presentado á convocatoria LIFE-Medio Ambiente en setembro de 2017. O proxecto pretende demostrar a viabilidade técnica e económica da utilización de tecnoloxías de dragado medioambientalmente sostibles, promover as alternativas de dragado e definir plans de xestión de operacións de dragado e de vertido que minimicen o impacto ambiental das mesmas. Campus do Mar participou na xestión e preparación da proposta, na que participa, ademais da Uvigo, a Autoridade Portuaria de Vigo.

### *Actividades de fomento da cultura emprendedora EMPRENDEMAR*

O segundo eixo de actuación da Área de Transferencia Tecnolóxica do Campus do Mar céntrase no Programa de fomento da cultura emprendedora, que nace co obxectivo de promover a creación de empresas de base tecnolóxica, xurdidas da actividade investigadora desenvolvida no seo do Campus do Mar. As principais actividades iniciadas no marco do Programa EMPRENDEMAR descríbense a continuación:

- Proxecto **EMPREAMAR-GALP 7:** Programa de Emprendemento mariño en las zonas costeiras, financiado en decembro de 2016 para ser desenvolvido no Concello de Moaña ata febreiro de 2018. Esta iniciativa, impulsada polo Campus do Mar, o Concello de Moaña e o Grupo de Acción de Acción Local do sector pesqueiro Ría de Vigo-A Guarda, diríxese a emprendedores locais, maioritariamente desempregados, do sector da pesca e do mar, proporcionando asesoramento, tutorización e apoio financeiro e de infraestruturas para estimular a creación de novas empresas sostibles no sector da pesca.

### *Actividades de apoio á empregabilidade do estudantado*

Como elemento central deste Programa estase a desenvolver dun modo continuo a búsqueda de ofertas de traballo (contratos e becas) coa finalidade da actualización diaria da plataforma web de ofertas de emprego de ámbito mariño “**MARJOB**”. MARJOB dispón dun espazo en rede orientado ao sector empresarial a través do cal se poden difundir e xestionar as ofertas. No curso 2016-2017 publicáronse máis de 900 ofertas de emprego nacionais e internacionais que deu lugar máis de 230.000 visitas únicas á web.

- Proxecto **Bluecareers,-** Promoción da mellora das competencias profesionais ligadas ao ámbito marítimo pesqueiro, presentada á Convocatoria Empleaverde da Fundación Biodiversidad que ten como obxectivo principal actualizar e promocionar a cualificación dos profesionais do sector portuario e a súa adaptabilidade ao mercado laboral, de cara ao aumento da empregabilidade e a mellora da súa progresión profesional, liderado pola Autoridade Portuaria de Vigo e no que o Campus do Mar participa como socio colaborador xunto coa Autoridade Portuaria de Huelva e a Universidade de Cádiz. O proxecto acadou financiación e será executado durante o 2018.
- Campus do Mar presentou un proxecto para Mellorar a empregabilidade dos estudantes de máster á convocatoria de axudas para a consolidación dos Campus de Excelencia do Ministerio de Educación que inclúe a implantación dun programa de prácticas profesionais nos centros e plataformas tecnolóxicas do Campus do Mar, e que supuxo a convocatoria de vintenove axudas para prácticas profesionais en ANFACO, EnergyLab, Gradient, Cetmar, CINBIO, ECIMAT e Laboratorio de Referencia da Unión Europea de Biotoxinas Mariñas

### *Transformación do campus. Proxección Social e Cultura Científica*

#### *Programa CampusMar Life*

Durante o curso 2016-2017 continuouse coa actividade deste programa que pretende achegar á comunidade do Campus do Mar ao coñecemento do océano a través de accións deportivas, lúdicas e culturais. Desenvolvéronse

as seguintes accións: actividades deportivas: bautismos de windsurf, surf, rafting, flyboard, paddle surf e ruta en kaiak pola contorna da illa de San Simón englobadas baixo o nome de CampusMar Life-Augaventura e que se organizaron conxuntamente co Servizo de Deportes da Universidade de Vigo

#### *Programa de cultura científica*

- Proxecto Mergúllate no Océano 2017: actividade divulgativa que persigue o achegamento da cidadanía ás ciencias e tecnoloxías mariñas a través do traslado de laboratorios divulgativos a puntos estratéxicos da xeografía galega. Esta actividade vense celebrando ininterrompidamente dende o ano 2011. En 2017 esta actividade instalouse en Vigo (praia do Vao), Moaña (Praia da Xunqueira) e Baiona (paseo de Elduayen) no mes de agosto; e na ETEA de Vigo no mes de setembro.
- Xornada “Bo uso e mal uso do mar”: Celebrada en Pontevedra o 14 de novembro de 2016 coorganizada polo Campus do Mar, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e o Consello da Cultura Galega, e nesta edición estivo adicada á sustentabilidade en feminino.
- Proxecto EDUCO2CEAN: O Campus do Mar participa como parceiro neste proxecto financiado polo programa ERASMUS+ e liderado pola Asociación Portuguesa de Educación Ambiental (ASPEA). O obxectivo principal desta iniciativa na que participan institucións de Reino Unido, Polonia, Portugal e España é sensibilizar ao estudantado sobre os impactos que do cambio global nos océanos.
- Proxecto Oceans of Plastics: Financiado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) no marco da súa convocatoria para o fomento da Cultura Científica e a Innovación, neste proxecto coordinado polo Campus do Mar participan investigadores que traballan no estudo do lixo mariño, investigadores de ciencias da educación e profesionais da Comunicación. O obxectivo é xerar materiais divulgativos para o seu uso e viralización en web e redes sociais (GIFs, microvídeos, infografías...) sobre a problemática dos microplásticos nos nosos océanos.

### *Escola Internacional de Posgrao*

#### *Programa de Doutoramento Marine Sciences, Technology and Management (DO\*MAR)*


Con data 17 de febreiro de 2017 asinouse a adenda para a adhesión da Universidade de Porto ao Convenio de colaboración para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento DO\*MAR. Iniciándose deste xeito os trámites para a nova acreditación do programa do que forman parte as tres universidades galegas, catro universidades portuguesas, CSIC e IEO.

No curso 2016-17, o Programa de Doutoramento DO\*MAR recibiu 36 novos estudantes: 19 da UVigo, 2 da USC, 4 da UDC, 3 da U Aveiro, 5 da UMinho e 3 da UTAD. O número total de estudantes do programa é de 216.

Os países de orixe destes novos estudantes inclúen 10 de Portugal e 2 de Irán.

Na actualidade programa de doutoramento conta con 230 alumnos dos cales 145 pertencen a Universidade de Vigo.

Neste ano académico impartíronse 6 cursos de Formación Avanzada e 4 cursos de Formación Transversal.



## Fundación Universidade de Vigo


### Prácticas académicas externas extracurriculares da Universidade de Vigo

Recóllense o total de prácticas académicas externas extracurriculares realizadas dende o 1 de setembro de 2016 ata o 31 de agosto de 2017.

Número total de bolseiros/as por campus:

Campus	Bolseiros/as
Campus de Vigo	796
Campus de Pontevedra	143
Campus de Ourense	253
Total	1192


Bolseiros clasificados por campus



Núm. total de bolseiros/as por ámbito:

Ámbitos	Bolseiros/as
Arte e humanidades	59
Ciencias da saúde	37
Científico	177
Tecnolóxico	368
Xurídico-social	551
Total	1192

Bolseiros clasificados por ámbito de estudos



Núm. total de bolseiros/as clasificados por sexo:

Ámbitos	Bolseiros/as
Mulleres	625
Homes	567
Total	1192

Convenios de cooperación educativa con empresas e outras entidades para realizar as prácticas do alumnado: 279 convenios.

### Bolsas Santander-Crue-Cepyme. Convocatoria 2016/2017

- Número de bolsas asignadas e formalizadas: 32`5 bolsas
- Número de alumnos inscritos no programa: 234
- Número de empresas colaboradoras no programa: 61

### Emprendemento: asesoramento a empresas de base tecnolóxica e proxecto INCUVI

#### Asesoramento a Empresas de Base Tecnolóxica

Listaxe de IEBTs asesoradas pola Fundación Universidade de Vigo no curso académico 2016-2017 e que foron cualificadas no programa de axudas de IEBTs da Xunta de Galicia.

Proxecto	Sector	Data cualificación
Money Up	TICs (sector fintech)	17/02/2017
Beleader	TICs (sector turismo)	17/02/2017
Inpek	TICs (sector agrícola)	29/03/2017
Send2me	TICs (Comercio electrónico)	29/03/2017
SGX Automarine	Servizos de enxeñaría	05/07/2017

### Proxecto INCUVI

Acción realizada en colaboración coa Área de Emprego da Universidade de Vigo é Cidade Universitaria. Ao longo de 2017 os promotores dos doce proxectos gañadores e de dous premios accésit realizaron actividades formativas e recibiron titorización para o desenvolvemento dos seus proxectos empresariais.

### Campus de Ourense

- *Nutrición Integral na túa empresa*: programa de benestar global para empresas, para a mellora da calidade de vida dos empregados no propio lugar de traballo.
- *Kuatro Marketing Digital*: en base a unha rede de colaboración multidisciplinar, realiza un servizo de asesoramento estratéxico de marketing e comunicación dixital integral.
- *OuVir*: proxecto de emprendemento social que procura dar servizo ás persoas con diversidade funcional e ás persoas en risco de atoparse nunha situación de dependencia.
- *Ridesport*: plataforma online de economía colaborativa cuxo obxecto principal é o turismo deportivo

### Campus de Vigo

- *Tiny House*: fabricación e venda de casas de pequenas dimensións construídas sobre remolques.
- *Unidad Tintométrica Móbil*: vehículo para trasladar todos os medios necesarios para a comparación de tonalidades e a elaboración de pintura para automóbiles á porta do taller para poder corraxir os problemas de igualación da cor.
- *Wcube*: galería virtual para a exhibición de arte contemporánea que permitirá aos artistas mostrar as súas obras mediante as salas 3D.
- *Bursay Language and Digital Services*: proxecto que ten como obxectivo suplir a necesidade de expertos lingüísticos mediante a realización de tarefas de tradución, corrección ou redacción de textos e o asesoramento dixital na rede a través das redes sociais.
- *Dibleo Networking Community*: rede social de emprendemento universitario para crear relacións de networking entre profesionais (mentores) e xoves emprendedores a través de actividades, entrevistas, difusión de conferencias y seminarios, material docente e foros de debate.
- *Sapere Vedere*: transformación de produtos cárnicos, con orixe no Porco Celta, raza autóctona en perigo de extinción e considerado un produto de excelencia no sector gastronómico.

- *Slick Cambiemos el Fitness* (accesit): creación de software destinado ás persoas xoves que practican actividades de Fitness. O seu primeiro produto será unha aplicación multiplataforma para smartphones que automatiza o entrenamiento dos usuarios permitiéndolles xestionar mellor o tempo.

### Campus de Pontevedra

- *Mediación móbil*: creación dunha aplicación para dispositivos móbiles e unha páxina web mediante a cal ofrecer un servizo de mediación baixo demanda a diversos grupos de clientes potenciais con conflitos familiares ou veciñais a través do chat ou da videoconferencia.
- *Needin*: plataforma virtual co obxectivo de facilitar o contacto de especialistas autónomos do ámbito socio-sanitario con persoas que puideran precisar os seus servizos coma unha consulta, un servizo puntual ou unha segunda opinión. Búscase un feedback entre os distintos usuarios que cualificarán e comentarán as súas experiencias.
- *Galewood* (accesit): deseño e plan de fabricación de un xoguete que consiste en bloques encaixables de construción en madeira, compatibles con outras coñecidas marcas da competencia

### Centro de Linguas: datos de cursos, exames, alumnado e matrícula

O Centro de Linguas é centro formador en idiomas; acreditador de nivel, a través das certificacións oficiais CertAcles; e examinador de organizacións de referencia coma o TOEFL e o Instituto Cervantes.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco común europeo de referencia para as Linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse polo tanto ao estándar de recoñecemento internacional.

### Cursos e idiomas

Durante o curso 2016-2017, impartíronse cursos

cuadrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: alemán, español para estranxeiros/as, francés, inglés, conversa en inglés, inglés, italiano, lingua e cultura persa, portugués, preparación dos exames oficiais de Cambridge ( FCE e CAE), do que o CDL é preparador oficial e examinador en Pontevedra, iniciación á docencia do Español como Lingua Estranxeira (en colaboración co Instituto Cervantes) así como cursos de lingua para fins específicos.

Os exames correspondentes aos cursos cuadrimestrais de inglés B1,B2 e C1 outorgan a acreditación CertAcles.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

### Acreditacións

Realízanse exames de acreditación CertAcles: nivel B1,B2 e C1 de inglés e nivel B1 de francés.

O Centro de linguas é centro examinador do DELE (diploma do español coma lingua estranxeira) avalado polo Instituto Cervantes e do Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL) cun total de 61 alumnos examinados, superando o número do curso anterior.

### HELA (Higher Education Lecturing Accreditation)

En colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e no marco do Plan de internacionalización lingüística aprobado pola Universidade de Vigo, realízase o exame HELA, que fixa os criterios e procedementos para a acreditación para a docencia en inglés.

Esta proba complementase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da Universidade de Vigo centrados nas competencias necesarias para a impartición de docencia en lingua inglesa.

### Alumnado

No curso 2016-2017, o número de alumnos/as matriculados no Centro de Linguas distribuíronse do seguinte xeito: 1.124 alumnos/as nos cursos cuadrimestrais; 162 alumnos/as nos cursos de verán; 745 alumnos/as de exames de acreditación de niveis, exames

CertAcles, DELE, HELA e TOEFL; 437 alumnos/as en cursos especializados. O total de alumnado matriculado ascende a 2.278 alumnos/as.

Dispónse de datos de 1.286 alumnos diferenciados por sexo: un 54% son mulleres (descenso dun 2% con respecto ao ano anterior) e un 46% homes (incremento dun 2% con respecto ao ano anterior).


### Comunicación e difusión de actividades

A FUVI xestiona o programa de comunicación e difusión de actividades da Universidade de Vigo. As funcións principais obxecto do programa concréntanse principalmente nas seguintes actividades:


- Redacción e mantemento do diario electrónico da Universidade (Duvi)
- Deseño, redacción e elaboración de expedientes e de todos os materiais e documentos, para calquera tipo de soporte, necesarios para desenvolver o traballo de comunicación.
- Atender a demanda e tramitar as peticións de información de medios especializados e de comunicación.
- Elaboración de cronogramas, plans de medios e as outras actividades necesarias.

No curso académico 2016-2017 o balance de publicacións realizadas é de 892, que de xeito desagregado por campus e áreas son:

Publicacións por campus (De setembro de 2016 ata 31 agosto de 2017)	Totais
Campus de Ourense	419
Campus de Pontevedra	398
Campus de Vigo	618
Total	1435



Publicacións totais por temas (Setembro de 2015 ata agosto de 201)	Totais
Institucional	213
Investigación	325
Actividades académicas	229
Cultura	223
Alumnado	248
Deportes	154
Publicacións	43
Total	1435



### Área de Imaxe

- Maquetación de documentos: (libros, informes etc.)
- Promoción de eventos: deseño de material promocional (carteis, folletos, roll-ups, flyers, anuncios...) para os eventos e actividades desenvolvidos polos diferentes centros. Neste apartado inclúese a coordinación da campañas de promoción da Universidade, e a redacción e locución de cuñas publicitarias.
- Asesoramento e aplicación da identidade corporativa: deseño e asesoramento sobre o uso da identidade corporativa visual (ICV) da Universidade de Vigo. Creación de novos logotipos e aplicación dos existentes en páxinas web, sinalización ou papelaría.
- Labores de difusión e publicacións no instagram da Universidade de Vigo que conta actualmente con 949 seguidores.

Traballos realizados pola Área de Imaxe (De setembro de 2015 ata agosto de 2016)	Totais
Maquetación de documentos	50
Promoción de eventos	192
Identidade corporativa	145
Publicacións en Instagram	773
Total traballos	387

### Outras actividades

#### Cursos de formación para o emprego

Neste período organizáronse seis xornadas formativas no Campus de Vigo. O contido recóllese nos seguintes tres obradoiros de traballo:

- Taller 1: Competencias clave para a busca de emprego (4 horas)
- Taller 2: Elaboración do currículo, carta de presentación e busca de emprego (3 horas)
- Taller 3: O proceso de selección e a entrevista (3 horas).

Por outra banda, A Fundación Universidade de Vigo xunto coa Área de Emprego e Emprendemento xestionou o programa de formación Destrezas cuxo obxectivo é facilitar ferramentas en materia de emprendemento e procura de emprego ás persoas egresadas e alumnos/as da UVigo

O programa constou de 6 talleres de 5 horas de duración: Oratoria; vender a idea de negocio; elaborar un proxecto; xestión do tempo; técnicas de negociación e traballo en equipo.

**FUNDACIÓN** **Destrezas**  
 Programa de formación para o emprego e o emprendemento


- De novembro de 2016 a febreiro de 2017
- Dirixido a estudantes, egresados nos últimos anos e emprendedores en fase de incubación
- O número máximo de admisións será de 30 persoas, por rigurosa orde de inscrición\*
- Emitirase certificado de asistencia
- Inscricións en <http://fundacionuvigo.gal>

\* A non asistencia será motivo de cancelación da inscrición e a participación en seguinte curso deberá ser presencial.

Realización do informe: “Informe de prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións curso académico 2016/2017”

Dáselles continuidade aos informes realizados desde o curso académico 2011/2012, examinando a evolución dos distintos factores analizados nos cinco cursos académicos. (<http://webfundacion.webs.uvigo.es/practicas/estudios-e-informes/>)





## *Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)*

A presente memoria é un resumo das actividades desenvolvidas no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo (CITI) durante o curso académico 2016/2017. Na mesma, describimos as actividades realizadas dende outubro de 2016 ata xullo de 2017.

### *Equipo de dirección e administración*

As actividades descritas son froito dun traballo en equipo integrado por:

- Director: Xosé Antón Vila Sobrino
- Técnica superior de biotecnoloxía encargada da planta piloto: Beatriz Díaz Reinoso
- Técnico da Oficina de Proxectos de I + D + i: Alberto Rellán, contratado pola universidade como Xestor de Innovación. Aínda que traballa no CITI, non depende organicamente desta dirección, senón directamente do Vicerreitorado de Investigación e Transferencia. Bolseira de formación de I + D + i: Maruxa Mosquera Fernández
- Bolseiro de formación de I+D+i: Roberto González González

- Bolseiro de formación de Informática: Víctor Mondelo Visuña.
- Personal técnico de apoio (PTA): Rubén Romero González, contratado pola universidade con cargo á axuda PTA do Ministerio como responsable da xestión do Centro de Cálculo. Rubén incorporouse ao seu posto de traballo como PTA en marzo de 2017 e cesou en xullo.

### *Grupos de Investigación do CITI*

Na actualidade os grupos de investigación da Universidade de Vigo con espazos no CITI son: Informática Gráfica, Biotecnoloxía Agroalimentaria, Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental, Investigación de Informática Aplicada e Sistemas Informáticos de Nova Xeración, Termofísica, Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñaría Química, Microbioloxía e Valorización e Biomasa.

A cesión destes espazos aos grupos de investigación firmouse o 4 de xullo de 2013 por un período de tres anos renovábeis. En xullo de 2016 enviouse un escrito aos responsables dos laboratorios informándolles da prorrogación de dita cesión, ata que non se resolvese unha nova convocatoria. Unha vez confirmado que a titulación

de Enxeñaría Aeroespacial non precisa espazos no CITI e resolta a convocatoria de espazos no novo edificio do Campus da Auga, que afecta a varios grupos con sede no CITI, prevese que cara finais deste ano se faga unha nova convocatoria de espazos e se redefinan os usos de todas as dependencias do CITI.

### Referencias ao CITI

CCada ano, con motivo da redacción da Memoria Anual, o CITI solicita aos grupos de investigación residentes que cubran un formulario no que se trata de recoller información relevante acerca do financiamento acadado no período correspondente, a valorización da propiedade industrial e intelectual, a excelencia investigadora e outras actividades relacionadas co CITI.

A participación, e polo tanto a cooperación, para a recompilación destes datos no período 2016/2017, redúcese aos seguintes grupos: Biotecnoloxía Agroalimentaria, Enxeñaría Química e Sistemas Informáticos de Nova Xeración. Os datos que se presentan a continuación son, polo tanto, incompletos:

- Referencias ao CITI en publicacións científicas: 11
- Referencias ao CITI en comunicacións en congresos: 6
- Proxectos desenvolvidos total ou parcialmente no CITI: 11
- Teses doutorais desenvolvidas total ou parcialmente no CITI: 7

### Melloras de equipos e servizos

Durante este período levouse a cabo a migración da rede do CITI á nova VLAN asignada pola Universidade. Aproveitouse o proceso para obter una relación actualizada das IPs en uso, os equipos asociados a elas e os seus puntos de conexión á rede. De igual modo, etiquetáronse todos os equipos con conexión a internet coa súa configuración de rede, para facer máis doada a súa posterior identificación ou reconfiguración, no caso de ser necesaria.

Por outra banda, creouse outra web para o CITI, cunha imaxe totalmente nova, incluíndo apartados que non se atopaban na anterior e actualizando os contidos dos xa

existentes, aproveitando para automatizar o proceso de contacto para a reserva de equipos da Planta Piloto, á espera de mellorar o servizo nun futuro cunha aplicación de xestión de reservas que este enlazada á súa sección da web.

Tamén se iniciou un proceso de migración de servizos, como por exemplo a nube do CITI, a outros máis actuais, máis potentes e con maiores funcionalidades.

No tocante ó Centro de Cálculo, abriuse o uso a novos grupos de investigación, como o grupo ePhysLab. Nos últimos meses empezaron a xurdir unha serie de problemas e avarías nas máquinas, comprometendo a súa dispoñibilidade. Tras varias reparacións e a substitución de algúns módulos de RAM, sospeitouse da posibilidade de que se estivesen a rexistrar uns valores inusualmente altos de humidade no cuarto do CPD. Por elo procedeuse a medir este parámetro, atopando oscilacións significativas polas noites, chegando a acadar valores bastante por encima do rango óptimo de funcionamento para este tipo de equipos. O asunto púxose en mans da Unidade Técnica da Universidade, e está a ser resolto actualmente.

### Empresas que traballan no CITI

Na actualidade dúas son as firmas que asentaron a súa sede no CITI. A primeira delas é a Empresa GLECEX S.L. (do inglés 'Global and Ecofriendly Natural EXtracts'), quen en abril do 2014 instalouse no Módulo 3, Planta 1 do edificio, por un período de dous anos; recentemente renovado a outros dous anos máis, ata o 2018.

A outra empresa instalada no CITI, na Planta 1 do Módulo 1, dende abril de 2017 é a empresa Brigantia, gañadora da II convocatoria do premio INCUVI-Avanza, outorgado pola Universidade de Vigo ás ideas de proxecto innovadoras. Como parte do premio, a Universidade puxo a disposición da galardoadora non só un espazo de traballo, no cal levar a cabo as tarefas do proxecto, senón o apoio e orientación da universidade e dos distintos membros colaboradores para levar a bo porto a idea de proxecto. A empresa Brigantia esta enfocada á creación e desenvolvemento de programas e actividades que promovan a igualdade e o respecto polo medio ambiente, ademais de avivar un ocio e tempo libre saudable fora do consumismo.

Ata a incorporación de Brigantia, ocuparon a Planta 1 do Módulo 1 do

CITI as empresas iBeeAgro e MeigaLabs, gañadoras da I convocatoria do premio INCUVI-Avanza. Ditas empresas ocuparon os seus respectivos espazos ata o 31 de marzo de 2017.

### Actividades de difusión e divulgación

Dende decembro de 2015 substituíse o boletín informativo de periodicidade semanal, no que se recollían as novas e convocatorias de interese do persoal docente investigador e do alumnado da UVIGO, por una páxina en Facebook. Esta páxina permite non só unha maior distribución dos contidos senón que ofrece unha inmediatez maior ca o sistema anterior, permitindo ao mesmo tempo coñecer o impacto da publicación e polo tanto o interese que esta suscita entre os seguidores do Facebook do CITI. Dende outubro de 2016 ata xullo de 2017 publicáronse a través desta rede social un total de 47 novas con distinto nivel de impacto na difusión, dende 14 a 338 persoas alcanzadas.

Nos últimos meses, e co motivo de nova páxina web do CITI e o obxectivo de aforrar tempo nas labores de difusión, procedeuse a implementar una ferramenta que sincroniza as noticias publicadas na nova web do CITI co Facebook de tal xeito que só e necesario publicar na web para que a mesma noticia apareza publicada no Facebook.

Cabe destacar tamén neste epígrafe as visitas realizadas ao CITI polos o Colexios Pablo VI da Rúa e o IES O Ribeiro de Ribadavia, baixo o Plan eduemprende da Consellería de Educación. Así, un total de 50 rapaces tiveron oportunidade de visitar a planta piloto do CITI e ás empresas gañadoras do Incuvi Avanza, Meigalabs e iBeeagro.

Por outra banda, o director do centro asistiu neste período, entre outros, aos seguintes eventos: almorzos tecnolóxicos do Tecnopole, 30 Aniversario do Polígono de San Cibrao das Viñas, Xornada de portas abertas do Campus de Ourense-Campus da Auga e Galicia.

Por último, entre outras actividades de divulgación, cabe mencionar a presenza do CITI no catálogo elaborado pola Universidade de Vigo co motivo da feira Biospain 2016 e no folleto editado pola Tecnopole co motivo do seu 30 Aniversario.

### Actividades da Oficina de Proxectos I + D + i

Esta oficina foi creada polo Vicerreitorado de Investigación da Universidade de Vigo e o Vicerreitorado Campus de Ourense, co fin de prestar apoio técnico e administrativo na xestión de proxectos de I+D+i aos investigadores do CITI e ao resto do persoal científico do Campus de Ourense.

Ademais, esta unidade presta asesoramento e apoio ao PDI na correcta xestión dos proxectos, independentemente da orixe dos fondos. Tamén colabora nas actividades de difusión e divulgación do CITI así como na organización das visitas externas que solicitan distintos grupos para coñecer o CITI. A Oficina de Proxectos I+D+i xestiona as contas de Facebook e Twitter.

### Actividades desenvolvidas na planta piloto

A Planta Piloto ofrece os seus equipos e servizos e traballa baixo reserva dos mesmos. A continuación móstrase unha táboa onde se reflicten as reservas que tiveron os equipos da planta piloto entre os meses de setembro de 2016 e xullo de 2017:

Equipo	Días ocupados
Reactor axitado a presión	23
Equipo extracción con CO2 supercrítico	6
Altas presións hidrostáticas	2
Extrusora	2
Máquina de ensaios universais	2
Disruptor celular	1

Os equipos foron empregados fundamentalmente por grupos de investigación da Universidade de Vigo, aínda que tamén figuran empresas ou outras universidades.

O total facturado, incluíndo a reserva dos equipos e o alugueiro do laboratorio complementario ao longo deste período, foi de 13324,50 euros (IVE incluído).





## Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)

O Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) (<http://cinbio.es/>) atópase no Campus Universitario de Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo.

305/13	ROCIO IGLESIAS ALONSO	SERVIZO DE APOIO PSICOPEDAGÓXICO	Non procede	NON SE FIXA	14/10/2017	19/10/2017
308/13	LACERA	SERVIZO DE MANTEMENTO ZONAS VERDES	Non procede	3 meses	30/09/2017	27/10/2017
307/14	IMESAPI, S.A.	SERVIZO DE ALUMEADO EXTERIOR	non procede	3 meses	31/03/2017	14/06/2017
309/14	EULEN, S.A.	ASISTENCIA CIRCUITO DE AUGA	Non procede	3 meses	31/03/2017	12/06/2017
316/14	ACUNTIA, S.A.	SERVIZO MANTEMENTO REDE COMUNICACIÓN	Non procede	3 meses	18/05/2017	21/06/2017
302/15	SOGARISA	RECOLLIDA DE RESIDUOS PERIGOSOS	Non procede	3MESES	30/05/2017	11/12/2017
304/16	XESTIÓN CULTURAL	SERVIZO DE CAMPUS CAMP	Non procede	3 meses	decembro de 2017	11/12/2017

## Devolución de garantías de obras

EXPTE.	OBXECTO	ADXUDICATARIO	ACTA DE RECEPCIÓN	PRAZO GARANTÍA	DEVOLUCIÓN GARANTÍA	DATA REAL DE DEVOLUCIÓN
314/11	Dirección e execucion CINBIO	EDUARDO GARCIA FORTES	NON SE FIXA	NON SE FIXA		14/03/2017
300/08	Redacción proxecto e dirección obra CINBIO	ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ	NON SE FIXA	NON SE FIXA		03/02/2017
312/13	Modificado redacción proxecto CINBIO	ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ	NON SE FIXA	NON SE FIXA		14/03/2017
310/11	Unidad técnica para a Universidade de Vigo	JOSÉ ANTONIO LÓPEZ MÉNDEZ, ANTONIO GARCÍA ALVAREZ, JESÚS DE LA IGLESIA SANTOS E AREALONGA ARQUITECTURA S.LP .- UTE	NON SE FIXA	NON SE FIXA		16/03/17
405/11	Centro de investigación biomédica	OBRASCON HUARTE LAIN, S.A E ANTALSIS S.L UTE	15/05/15	3 anos	16/05/2018	16/03/17
402/11	Ampliació aulas no edificio xurídico empresarial de Ourense sobre a planta de cafería	CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ	25/09/2012	60 meses	26/09/17	05/10/2017



## Servizo de Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica presenta a súa memoria de actividades correspondente ao período comprendido entre agosto de 2016 e xullo de 2017 ámbolos dous meses incluídos. O total de expedientes deste período é de 349 (25 menos que no curso anterior), pero o volume de traballo séguese a manter debido ao longo período de tramitación dos expedientes xudiciais, á continuación de recursos iniciados en anos anteriores e que seguen a súa tramitación, e á complexidade de cada vez máis casos, así como á resolución de asuntos vía telefónica ou a través de reunións.

Procedemos en primeiro lugar á clasificación cuantitativa do traballo desenvolvido neste Servizo: o primeiro cadro recolle a totalidade dos expedientes que se abriron durante o período comprendido entre o 1 de agosto de 2016 e o 31 de xullo de 2017, e os cadros seguintes ofrecen un desglose mensual.

### Total do curso académico 2016/17

Expedientes: 349	
Convenios	133
Informes	127
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	33
Recursos xudiciais laborais	12
Recursos Contencioso-Administrativo	21
Outros	23

### Desagregamento mensual

#### Agosto de 2016

Expedientes: 10	
Convenios	3
Informes	4
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativo	
Outros	

## Setembro de 2016

Expedientes: 39	
Convenios	14
Informes	20
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	1
Outros	1

## Outubro de 2016

Expedientes: 16	
Convenios	6
Informes	7
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	
Recursos Contencioso-Administrativos	
Outros	1

## Novembro de 2016

Expedientes: 34	
Convenios	16
Informes	7
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	8
Recursos xudiciais laborais	
Recursos Contencioso-Administrativos	3
Outros	

## Decembro de 2016

Expedientes: 25	
Convenios	9
Informes	11
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	3
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	1
Outros	

## Xaneiro de 2017

Expedientes: 24	
Convenios	6
Informes	8
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	4
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	1
Outros	4

## Febreiro de 2017

Expedientes: 26	
Convenios	10
Informes	8
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	3
Recursos xudiciais laborais	1
Recursos Contencioso-Administrativos	1
Outros	3

## Marzo de 2017

Expedientes: 35	
Convenios	12
Informes	12
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	1
Recursos xudiciais laborais	2
Recursos Contencioso-Administrativos	3
Outros	5

## Abril de 2017

Expedientes: 34	
Convenios	13
Informes	12
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	4
Recursos xudiciais laborais	2
Recursos Contencioso-Administrativos	3
Outros	

## Maio de 2017

Expedientes: 54	
Convenios	24
Informes	20
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	
Recursos Contencioso-Administrativos	4
Outros	4

## Xuño de 2017

Expedientes: 19	
Convenios	8
Informes	6
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	2
Recursos xudiciais laborais	
Recursos Contencioso-Administrativos	2
Outros	1

## Xullo de 2017

Expedientes: 33	
Convenios	12
Informes	12
Acordos da Comisión de Reclamacións	
Recursos por vía administrativa	
Recursos xudiciais laborais	3
Recursos Contencioso-Administrativos	2
Outros	4

Respecto da actividade xudicial indicar que, dun total de 42 sentencias, 17 foron totalmente favorables a esta Universidade, e 25 estiman os intereses da parte contraria (quinze delas corresponden ás reclamacións do profesorado asociado sobre trienios e vacacións).

Toda esta actividade increméntase con outros asuntos, como son a asistencia ás Mesas de Contratación, as consultas presenciais e telefónicas, as reunións de traballo, a lectura e posta ao día da lexislación, o intercambio de documentación con outras universidades, e a recompilación, clasificación e arquivo das sentencias.

Ademais, en 2016 o letrado Andrés Dapena asistiu á *Xornada sobre regulamento europeo de protección de datos* organizado en Santiago pola EGAP, e a Xefa da Asesoría Xurídica, xunto coa letrada Cristina Piñón, asistiron ao *Encontro E-Juristas: Más allá de la tecnología legal* celebrado en A Coruña. En 2017, a Xefa da Asesoría Xurídica, xunto co letrado Andrés Dapena, asistiron ao *XIV Curso de Réxime xurídico de universidades* celebrado en Lleida, e a unha reunión en Madrid do Grupo de Traballo de Gabinetes Xurídicos da CRUE.



## Área de Benestar, Saúde e Deportes

### *Tarxetas Deportivas Universitarias (TDU) e Programas Ponte en Forma*

1955 persoas (782 mulleres e 1173 homes) adquiriron abonos para o acceso regular aos servizos da Área de Benestar, Saúde e Deporte, nas súas distintas modalidades (TDU ou Ponte en Forma, Cuadrimestral ou Anual) no conxunto dos tres campus.

O número total de abonos chegou ata os 2.153.

### *Deporte Federado*

#### *Universidade de Vigo – Escola de Xadrez Pontevedra*

O equipo UVigo EXP-Xadrez Estratexia pola Paz proclamouse campión da competición galega de máxima categoría, a División de Honra.

Pola súa banda, o xogador Rubén Fernández, proclamouse campión galego Sub12, situándose no Top50 mundial e número 2 de España.

Este deportista foi tamén integrante habitual do equipo de División de Honra.

#### *Sección de Orientación do Club Deportivo Universidade de Vigo*

Campionato de España: Ana Iglesias (Veteranas A) acadou un 1º e un 2º posto en distancia longa e curta respectivamente, e Begoña Crespo (Veteranas B) foi subcampioa en curta.

Campionato Galego: Julia Fortes (F-21-A) e Vicente Pastoriza (M-35), proclamáronse campións galegos en Carreira Media. Begoña Crespo (F-45) e David Pinal (M-55) foron subcampións e Ana Iglesias (F-40) medalla de bronce.

Campionato Ibérico: Brais Piñeiro (H-21-A) terceiro clasificado na distancia longa.

#### *Augaventura – Campus Mar Life*

310 persoas (151 homes e 169 mulleres) participaron nas edicións de outono e/ou primavera deste programa de actividades no medio acuático que desenvolve de forma conxunta a Área de Benestar, Saúde e Deporte e o Campus do Mar cada outono e cada primavera. O 90% dos participantes foron estudantes.

Na edición de 2016/2017 o programa tivo como principal novidade a incorporación da modalidade de paddlesurf. Os restantes tipos de actividades foron: flyboard, rafting, surf, wakeboard, windsurf e a tradicional ruta á Illa de San Simón que combina kaiak, snorkel e unha andaina.

### *Martes saudables (Proxecto Campus da Auga ConVida)*

Os Martes Saudables celebraron 16 sesións ao longo do curso que deron aos membros da comunidade universitaria a oportunidade de recibir unha valoración da súa condición física saudable por parte dun equipo de especialistas así como orientacións personalizadas para seguir un estilo de vida máis saudable e activo.

Dez sesións corresponderon ao campus de Ourense, catro ao campus de Vigo e dúas ao de Pontevedra, acollendo a un total de 625 persoas (55 % mulleres e 45 % homes).

### *Campionatos de España Universitarios – Modalidades individuais*

A Universidade de Vigo proclamouse Campioa de España en Loitas Olímpicas na categoría feminina grazas aos ouros conseguidos por Noelia Lalín, en 75 kg, á prata de Lydia Pérez, en 63 kg, e ao quinto posto de Cristina Alves. Xunto a elas, completou o medalleiro pola Universidade de Vigo Pablo García cun ouro en 70 kg.

En Taekwondo, a Universidade acadou a medalla de bronce na clasificación xeral por equipos do Campionato de España Universitario, no que

Beatriz Parada obtivo unha prata en categoría galo (menos 53 kg) e Iván García foi tamén prata no peso medio (-87 Kg). Pablo Fernández, conseguiu un bronce en peso (máis de 87 kg). O dúo de poomsae (modalidade de técnica), formado por Alejandro Losada e Lía De Araújo, foi tamén prata.

### *Campionatos de España Universitarios – Deportes de equipo*

Despois de ter gañado os correspondentes Campionatos Galegos Universitarios en seis modalidades e de ter participado na fase interzonal dos Campionatos de España

Universitarios, tres equipos representativos da Universidade de Vigo clasificáronse para a Fase Final do campionato nacional. Estes equipos foron: Baloncesto Masculino (campus de Vigo), Baloncesto Feminino (Campus de Pontevedra) e Balonmán Feminino (Campus de Pontevedra).

### *Campionatos Mundial Universitario de Loitas Olímpicas*

Noelia Lalín, Eliseo Permuy e Pablo García representaron a España no mundial de Turquía celebrado en outubro de 2016. Estes mesmos competidores xa tiveran participado na cita anterior de 2014 celebrada en Pecs (Hungría).

Noelia Lalín foi quen de acadar un meritorio quinto posto na clasificación final da súa categoría (75 kg).

### *Acordo de colaboración co Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia*

Esta entidade facilitará a participación da comunidade universitaria en actividades de montaña no só no eido deportivo, senón tamén facendo posible a visita a distintas zonas da cordilleira cantábrica, Picos de Europa, Pireneos e outros parques nacionais.

O club apoiará ademais a participación e iniciación do estudantado nos distintos cursos de escalada, montaña invernal, alpinismo e outros que imparten os monitores da Escola Galega de Alta Montaña.

Encargarse tamén da organización da andaina que se celebra de xeito paralelo á proba de 10 km HappyGoRunning, colaboración que en 2017 xa rexistrou unha participación de 123 camiñantes.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo permitirá que os socios máis novos do club dispoñan do rocódromo do campus de Vigo para a práctica de escalada.

### *Semana da Muller no campus de Vigo*

Do 6 ao 10 de marzo de 2017 as mulleres tiveron acceso de balde a clases de aquagym, hipopresivos, defensa persoal ou running.

A iniciativa foi impulsada por un alumno do programa formativo UTOP-Deporte e Liderado. O obxectivo do proxec-

to era incrementar a presenza feminina nos programas de actividade física, coincidindo coa celebración do Día da Muller o día 8.

As actividades desenvolvéronse no Pavillón Universitario, no Edificio de Deportes e na piscina do Centro Deportivo Universitario.

### *Actividades dirixidas no Campus da Xunqueira (Pontevedra)*

Por primeira vez no Campus de Pontevedra programáronse actividades dirixidas de maneira regular en instalacións universitarias do Campus da Xunqueira, concretamente nunha Aula de Fisioterapia (Pilates) e no Ximnasio da Facultade de Ciencias da Educación (Cross Training).

Así, achegábase a práctica deportiva aos propios lugares de estudio e traballo e estendíase a colaboración con outros centros da Universidade.

### *Ciclo de máster clases de zumba no campus de Ourense*

Coa colaboración de AQA Ourense desenvolvéronse no pavillón universitario do Campus tres clases de zumba (20 de decembro, 23 de febreiro e 13 de xuño) que contaron cunha participación media de cen persoas da comunidade universitaria.

### *Campus de Formación para adestradores de Baloncesto no Campus de Ourense en colaboración coa Fundación Aíto García Reneses*

Desenvolveuse no Pavillón Universitario do Campus Ourense entre o 26 e o 30 xuño de 2017 coa asistencia de 40 adestradores.

O equipo docente contou coa supervisión do propio García Reneses, e estivo integrado, entre outros destacados adestradores, por Diego Ocampo (Divina Seguros Juventud, ACB), Carles Durán, (Bilbao Basket, ACB) e Paco Redondo (axudante do Real Madrid, ACB).

### *IV Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense*

Torneo organizado en colaboración coa Asociación de Xadrez Universitario Campus de Ourense e que contou coa participación de 80 xogadores, dos que 20 estaban acreditados como Gran Mestre (GM) ou Mestre Internacional (MI).

Tivo lugar na Sala Audiovisuais da Biblioteca Central do campus entre o 1 e o 7 de xullo de 2017.

### *Ourense Termal Athletics Meeting*

Evento celebrado o 13 maio de 2017 no estadio de atletismo do campus, e organizado pola Deputación Provincial de Ourense, o Club Atletismo Aurum e a propia Área Benestar, Saúde e Deporte. Contou coa participación de 329 atletas.

### *XXV Gala do Deporte Universitario*

O Teatro Principal de Ourense acolleu a celebración da XXV Gala do Deporte da Universidade de Vigo, que tivo lugar o 17 de novembro do 2016, e que contou coa asistencia de preto de 350 persoas.

Destacou no acto o recoñecemento aos 25 anos de existencia da Área de Benestar, Saúde e Deporte (antes Servizo de Deportes) nas figuras o Ex-Reitor Luis Espada, o primerio coordinador da unidade, Patricio Sánchez, e os primeiros/as técnicos/as deportivos, Pino Díaz e Daniel Benavides.

Nesta ocasión os Premios á Excelencia Deportiva polos méritos académicos e deportivos durante o curso 2015/2016 recaeron en: Beatriz Parada Enríquez, Iván García Martínez, Laura Pimentel Pérez, Alfonso Palomanes Martínez, Alba Caamaño Pérez e Raúl Cancelas Fandiño.

O V Premio Valor Solidario correspondeu á Cruz Vermella de Ourense, o V Premio Vida ao matrimonio formado por Julio Fernández e Mercedes Valencia, a Mención Especial ao Fomento do Deporte Base a E.D.O. Blanco Amor e a Mención Especial ao Deportista Universitario do ano a Alfonso Palomanes.





## Área de Emprego e Emprendemento

A Área de Emprego e Emprendemento ten como principal misión estreitar os vínculos entre a Universidade e a sociedade en materia de emprego e facilitar o coñecemento mutuo das necesidades, requisitos e posibilidades de cada unha das partes. Consecuentemente, leva a cabo unha serie de accións que, a partir das necesidades detectadas, permiten ofrecer –de maneira continuada- novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas egresadas desta universidade.

Son catro as liñas estratéxicas nas que esta área da Universidade de Vigo desenvolve a súa actividade:

### *Orientación e información de emprego*

Durante o curso académico 2016-17, realizáronse un total de 40 consultas de asesoramento e información laboral e 84 entrevistas individualizadas de orientación laboral.

*Número total de entrevistas desagregado por sexo e situación académica:*

	Estudantes		Titula-das/os		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nª	%
Mulleres	21	25%	20	24%	41	49%
Homes	18	21%	25	30%	43	51%
Total	39	46%	45	54%	84	100%

*Número total de entrevistas desagregado por ámbito, sexo e situación académica:*

	Estudantes		Tituladas/os		Total	
	M	H	M	H	Nª	%
Arte e humanidades	4	0	4	0	8	10%
Ciencias da saúde	0	0	0	0	0	0%
Científico	2	0	0	1	3	4%
Tecnolóxico	3	10	1	6	20	24%
Xurídico-social	10	12	12	13	47	56%
Mestrados	1	1	3	1	6	7%
Total	20	23	20	21	84	100%

*Idade das persoas entrevistadas*

Idade media:	27,14
Idade máxima:	56
Idade mínima:	20

*Localización xeográfica das persoas entrevistadas*

Ubicación	Nº	%
Área Metropolitana de Vigo (AMV)	54	64%
Pontevedra (agás AMV)	25	30%
Ourense	2	2%
Lugo	0	0%
A Coruña	3	4%
TOTAL	84	100%

*Intermediación laboral*

No relativo as ofertas de emprego, durante o curso académico 2015-2016, a área de emprego e emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores.

*Distribución das convocatorias por ámbitos científicos*

Tecnolóxico	140
Humanidades	3
Xurídico-Social	36
Científico	3
Ciencias da Saúde	4
Científico + Tecnolóxico	14
Científico + Xurídico-Social	2
Tecnolóxico + Xurídico-Social	6
Tecnolóxico + Humanidades	2
Humanidades + Xurídico-Social	5
Titulacións de máis de dous ámbitos	4

Xestionáronse tamén 87 convocatorias de bolsas de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de Cooperación Educativa da Universidade de Vigo):

*Distribución das convocatorias por ámbitos científicos:*

Tecnolóxico	49
Humanidades	1
Xurídico-Social	19
Científico	2
Ciencias da Saúde	0
Xurídico-Social + Humanidades	7
Xurídico-Social + Científico	1
Xurídico-Social + Tecnolóxico	2
Científico + Tecnolóxico	6

*Finde.U*

Neste mesmo ámbito de traballo, a Área de Emprego e Emprendemento organizou en colaboración cos gabinetes homólogos das universidades de Porto e UTAD a Finde.U – Feira Internacional de Emprego Universitario. Durante o curso 2016/2017 leváronse a cabo dous edicións, unha presencial os días 8 e 9 de novembro de 2016 e outra virtual durante os días 21 e 24 de marzo de 2017.

*Finde.U Presencial*

- Nº de empresas participantes: 65
- Nº de visitantes: 2.089
- Nº de candidaturas 4.000
- Ofertas de emprego: 1.430

*Finde.U Virtual*

- Nº de expositores virtuais confirmados: 135
  - 110 empresas con necesidades de contratación de persoal.
  - 13 servizos / puntos de información relacionados con emprego e mobilidade
  - 12 países participantes, no ámbito da rede EURES.
- Nº de ofertas de emprego: 521
- Nº de postos de traballo derivados das ofertas: 1.809
- Demandantes de emprego rexistrados: 3.313
- Candidaturas a ofertas de emprego e prácticas: 4.435
- Entrevistas (exclusivamente as axendadas na plataforma): 49

*Prácticas académicas externas*

Á Área de Emprego e Emprendemento ten encomendada a xestión e coordinación dos procedementos administrativos derivados das prácticas académicas externas dos estudantes da Universidade de Vigo. En coordinación coa Fundación Universidade de Vigo, que ten encomendada a xestión das prácticas académicas extracurriculares, a Área serve de enlace entre as empresas e a Universidade na tramitación dos convenios de cooperación educativa que dean soporte xurídico as estancias dos estudantes.

No curso académico 2016-2017 xestionáronse dende a Área de Emprego e Emprendemento un total de 246 acordos de cooperación educativa para a realización de prácticas, dos que 231 corresponderon a convenios de cooperación educativa formulados con modelo da Universidade de Vigo aprobado en Consello de Goberno, que ofrece cobertura a prácticas externas curriculares e extracurriculares dos estudantes de todas as titulacións da Universidade de Vigo, 15 foron convenios de cooperación educativa específicos para os que se utilizaron outros modelos de convenio negociados coas empresas ou institucións asinantes.

A distribución xeográfica por provincias das empresas e entidades coas que se asinou convenio foi a seguinte:

Provincia	Convenios asinados
Pontevedra	146
A Coruña	35
Madrid	12
Ourense	12
Lugo	10
Barcelona	8
Outras	23

En canto ao tipo de empresa/entidade asinante segundo o seu tamaño e/ou natureza xurídica, a distribución foi a que segue:

Tipo de empresa	Convenios asinados
Pequena (menos de 50 traballadores)	157
Administración pública	31
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	22
Autónomo	16
Grande (máis de 500 traballadores)	7
Fundación / Entidade sen Ánimo de Lucro	6
Multinacional	6
Empresa familiar	1

Polo que respecta as actividades económicas das entidades e empresas coas que se asinou algún tipo de convenio ou acordo de cooperación educativa durante o curso 2016/2017, as 8 actividades máis destacadas son as que seguen:

Actividade económica	Convenios asinados
Actividades Profesionais, científicas y técnicas	44
Educación	35
Actividades artísticas, recreativas y de ocio	32
Industria manufactureira	27
Información e comunicacións	21
Comercio ao por maior y ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	20
Actividades administrativas e servicios auxiliares	12

*Eures*

Dentro do plan de actividades 2017 de Eures Transfronterizo Galicia-Norte de Portugal levouse a cabo por segundo o programa de prácticas transfronteirizas para estudantes da Universidade de Vigo dotadas cunha bolsa económica de 400 € por mes e estudante que se desenvolveron entre os meses de xullo e agosto.

- Nº de prácticas ofertadas: 10
- Nº de empresas acollidas ao programa: 8 empresas (12 vacantes)
- Nº solicitantes e asignacións de praza:
  - Artes e humanidades: 3 (1 praza asignada)
  - Enxeñaría: 16 (7 prazas asignadas)
  - CC Xurídicas e Sociais: 4 (2 prazas asignadas)

*Emprendemento-autoemprego*

Para fomentar o espírito emprendedor no colectivo universitario, a Universidade de Vigo, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo, convocaron, en decembro de 2017, a 7ª edición dos premios INCUVI-emprende.

Nesta 6ª edición presentáronse a concurso 38 proxectos por un total de 57 estudantes.

## Proxectos presentados segundo ámbito de coñecemento:

Artes e Humanidades	4
Xurídico-Social	20
Enxeñaría	6
Ciencias da Saúde	1
Ciencias	2
Multidisciplinar	5
	38

## Promotores/as segundo situación académica:

Estudantes	35	61%
Egresados/as	22	39%

## Promotores/as segundo situación académica:

Mulleres	17	31%
Homes	38	69%

Por segunda vez convocáronse os premios INCUVI-Avanza coa colaboración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI) e da Confederación de Empresarios de Ourense (CEO) ofrecendo un programa de aceleración dun ano de duración a proxectos gañadores de todas as edicións de INCUVI-Emprende.

Aos premios INCUVI-Avanza presentáronse dous proxectos por cada un dos campus, resultado premiados *BeLeader* no campus de Vigo e *Brigantia* no campus de Ourense.



## Área de Normalización Lingüística (ANL)

### Formación lingüística

Neste curso 2016/2017 matriculáronse un total de 346 persoas, 162 no primeiro cuadrimestre e 184 no segundo. Do total, se atendemos á diferenciación por sexo, 92 foron homes e 254 mulleres.

No primeiro cuadrimestre volvemos ofrecer os cursos de formación en lingua galega para alumnado do ámbito sanitario, un en cada campus, dirixido a centros propios e adscritos. No segundo cuadrimestre presentamos novidades en coherencia coa aposta pola formación en liña (a máis demandada pola comunidade universitaria), sempre co obxectivo de facilitar o acceso de todos os sectores da comunidade universitaria, campus e quendas.

Tamén cunha finalidade formativa, convocamos tres bolsas de colaboración para formación complementaria do estudantado coa Área de Normalización Lingüística.

### Cursos do ano académico 2016/2017.

#### Persoas matriculadas.

1.º cuadrimestre 2016/2017	Mulleres	Homes
Curso de extensión cultural para alumnado de prog. de intercambio	21	1
Curso básico de linguaxe sanitaria (Vigo)	9	0
Curso básico de linguaxe sanitaria (Pontevedra)	8	2
Como expoñer o teu traballo de investigación	9	7
Curso de achegamento á lingua e cultura galegas	6	1
Curso de redacción de documentos administrativos	24	9
Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación	27	9
Escribir en internet	20	9
2.º cuadrimestre 2016/2017	Mulleres	Homes
Curso de extensión cultural	20	6
Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación	16	11

Curso de redacción de documentos administrativos	25	8
Galego: Actualízate	20	12
Escribir en internet	21	7
Redacta con claridade e mellora a túa redacción	25	8
Curso de achegamento á lingua e cultura galegas	3	2
<b>Total</b>	<b>254</b>	<b>92</b>

### Dinamización

A través do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística asinado anualmente entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolvemos, ademais dos cursos de formación en lingua galega, as seguintes actividades:

- Convocatoria dos Premios de poesía, relato curto e tradución literaria 2017 da Universidade de Vigo, en que se presentaron trinta e seis traballos. A cerimonia de entrega tivo lugar no Campus de Vigo e serviunos para festexar o Día das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares. Participaron no acto de entrega, presidido polo reitor, a profesora Iolanda Galanes, quen nos achegou unha visión de Carlos Casares na súa faciana de tradutor; Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; o grupo Blues do País; e a actriz Isabel Risco, que dirixiu do acto. Nos últimos meses do ano presentaremos as obras premiadas coa correspondente publicación da editorial Edicións Xerais de Galicia.
- Respecto da convocatoria anual das Axudas á investigación en lingua galega, mantivemos a dotación orzamentaria en 14 000 euros. Concedéronse 176 das 178 solicitadas, unha para unha tese de doutoramento e as demais para os traballos fin de grao, de mestrado e proxectos fin de carreira. A evolución dos últimos anos é a seguinte:

Ano	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Orzamento en euros	5400	5950	7700	7951	7999	14000	14000	14000
Núm. de solicitudes	40	43	53	100	142	213	153	175
Teses doutoramento	2	1	2	1	1	7	6	1

- Exposición sobre recursos naturais de Galicia, presentada no vestíbulo principal da ETSE, xunto a unha serie de demostracións activas e participativas sobre as tecnoloxías máis actuais para a xestión destes recursos, Elaboramos seis paneis que amosan os recursos naturais de Galicia: os enerxéticos (hidroeléctrica, biomasa, solar, xeotérmica, eólica), os recursos minerais (granito, áridos e lousa); tamén as augas minerais e termais, a restauración-rehabilitación de espazos mineiros, e un último panel dedicado aos materiais que se obteñen desas materias primas e a súa reciclaxe
- Colaboramos nos actos programados nas Conversas da Escola de Estudos en Empresariais: «Empresas con acento galego».
- Participamos na Celebración do Día das redes na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación coas Xornadas sobre Redes Sociais en Galego.
- Editamos o caderno Pílulas de ciencia e tecnoloxía co Grupo Divulgatía da Universidade de Vigo, para difundir o coñecemento, fomentar as vocacións científicas e tamén o uso de galego neste ámbito na Semana da Ciencia.
- Contribuímos, durante este curso, no desenvolvemento dun aplicativo de busca automática de neoloxismos en Internet. Forma parte dun proxecto do Grupo de Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega, da Universidade de Vigo.
- Recollemos en dúas fases as enquisas universitarias sobre a situación do galego na Universidade, vinte anos despois de se realizar o primeiro. De aquí a pouco tempo editaremos o estudo sociolingüístico realizado co persoal dos departamentos de Estatística e de Filoloxía Galega.

No que concirne á Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, da que formamos parte, reuniuse na Universidade da Coruña para impulsar unha das medidas presentes no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, que menciona a achega dun millón de euros como unha das accións de mellora da calidade para

impartir un mínimo do 50 % das materias dun grao en galego.

En relación co Concello de Vigo continuamos representando a Universidade nas reunións do Consello Social da Lingua e da Comisión Cidadá de Política Lingüística. Proseguimos cos traballos para a edición dos libros de toponimia de Comesaña, Candeán e Bembrive e somos o enlace de actividades entre o Concello e diferentes centros da Universidade, como a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

No tocante á Universidade de Vigo mantemos a colaboración con diferentes accións nos seus campus, centros e programas:


- Na Escola de Minas e Enerxía coa comisión de normalización lingüística do centro proxectamos o documental Lobos sucios dirixido por Felipe Rodríguez Lameiro e interveu o científico titular do CSIC Isidro García Tato cun relatorio sobre as minas de volframio de Valborrás de Casaio.
- Na Facultade de Filoloxía e Tradución, coa Comisión de normalización lingüística do centro, impulsamos a improvisación oral en verso cun obradoiro aberto de regueifa impartido por «A punta da navalla» e convocamos un concurso-festa regueifeira, dirixido por Kike Estévez, Josinho da Teixeira e Lupe Blanco. Convidamos a profesora da Universidade da Coruña, actualmente vicepresidenta da Deputación provincial, Goretti Sanmartín Rei para dar o relatorio «Lingua e xénero» e celebramos o Día de Rosalía na coa actuación de Aldalado.
- Coa Vicerreitoría do Campus de Ourense, e mais o Liceo da cidade das Burgas volvemos participar na organización dos XXVI Encontros Literarios nos cales os escritores Pedro Feijó e a Manuel Núñez Singala falan sobre a edición, a lingua e a creación literaria.
- Coa aula social do Programa de Maiores participamos co relatorio En galego, por que non?
- En parzaría co Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, e en colaboración con Edicións Xerais de Galicia, convocamos os Premios Territorio e Creación: I Premio de Investigación Lingüística e Etnográfica sobre lingua e cultura galegas «Marcosende» 2017 e I Premio de

Creación Literaria Galega «Cumieira das Cantigas» 2017, destinado ao estudantado de ensino secundario, coa finalidade de crear un vínculo máis coa universidade e en galego.

- Editamos un almanaque para o ano 2017 continuando coa campaña «Na Universidade en galego sen prexuízos» obra do debuxante Luís Davila para desbotar os prexuízos que pexan o uso da lingua galega. Resultou un gran éxito tanto pola demanda de exemplares do calendario como, sobre todo, polo impacto nas redes sociais; ademais das descargas dende o web da universidade, o número de veces que foi compartido e a súa permanencia no tempo, permitiu que estivese visible durante todos os meses do ano.
- Co obxectivo de encher a rede de vídeos en galego participamos no proxecto Youtubeir@s, un concurso impulsado polos servizos de normalización lingüística das tres universidades galegas e os concellos de Baña, Coruña, Ames, Carballo, Mazaricos, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove. Desenvolvemos unha serie de obradoiros formativos e celebramos a gala final dos premios na cidade de Ourense.

### Asesoramento

Continuamos coa actividade regular de resposta ás consultas sobre lingua e dereitos lingüísticos a través de diferentes medios. Ademais, corriximos milleiros de páxinas de textos administrativos, culturais e científicos. E tamén compartimos na nosa web, e no perfil de Facebook, todo tipo de materiais de consulta.



## Área de Formación e Innovación Educativa

### *Programa de Formación Permanente do Profesorado*

No ano académico 2016-17 leváronse a cabo un total de 34 cursos que axudaron a desenvolver as diferentes competencias docentes. Realizáronse actividades formativas relacionadas coas competencias docentes de planificación, metodoloxías, tipoloxías de avaliación, integración de medios tecnolóxicos, comunicación, motivación, integración e investigación.

Para tentar adaptarse ás necesidades do profesorado incrementáronse os cursos en modalidade virtual e semipresencial.

Algunhas das actividades formativas foron coorganizadas con outras institucións, como a Oficina de Software Libre (OSL) ou a Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, e unidades ou áreas da Universidade de Vigo, como a Unidade de Igualdade, o Gabinete Psicopedagóxico, o Servizo de Persoal de Administración e Servizos ou a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI).

A demanda de cursos ponse de manifesto no número de preinscricións. Recibíronse 1284 preinscricións para participar nas actividades desenvolvidas.

Un total de 420 profesores/as participaron nas formacións.

Datos dos/as participantes nas formacións desagregados por sexo:

Mulleres	224
Homes	196
<b>Total</b>	<b>420</b>

Desenvolvéronse un total de 34 cursos que se distribuíron en modalidade presencial e virtual:

Modalidade virtual	7
Modalidade presencial	27
Campus de Ourense	4
Campus de Pontevedra	4
Campus de Vigo	19
<b>Total</b>	<b>34</b>

Os cursos desenvolvidos foron os seguintes:

#### Modalidade virtual

- A metodoloxía de aprendizaxe colaborativa. (3 edicións).
- Estratexias para visibilizar a produción científica. (2 edicións).
- Análise estatística con RCommander.
- Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus.

#### Modalidade presencial

- O modelo Flipped Classroom na docencia universitaria. (3 edicións).
- Intelixencia emocional e competencias transversais na aula.
- Aprendizaxe baseada en competencias e avaliación.
- Design Thinking como metodoloxía para a aprendizaxe baseada en proxectos.
- Obradoiro de introdución á Aprendizaxe-Servizo na universidade.
- Xornadas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Práctica do discurso oral en inglés en foros internacionais.
- Práctica do discurso oral en inglés na aula.
- Estratexias para liderar en feminino. (2 edicións).
- Prevención e resposta ao acoso sexual e por razón de sexo.
- Obradoiro práctico de formulación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Desenvolvemento de negocio para a comercialización de capacidades e resultados de investigación. (2 edicións).
- Patentes: busca e redacción.
- Vixilancia competitiva.
- Ferramentas avanzadas para a xestión da calidade.
- Propiedade intelectual e persoal docente universitario. (3 edicións).
- Curso de iniciación ao Moodle.
- Manipulación de imaxes dixitais.

- Iniciación ao vídeo dixital con software libre. (2 edicións).
- Protocolo na Universidade de Vigo. Nivel I.

### *Grupos de Innovación Docente*

Para seguir impulsando a reflexión sobre a práctica docente e apoiando as iniciativas que dean un impacto na mellora da calidade docente xeráronse 16 novos Grupos de Innovación Docente.

A continuación listanse os nomes e o coordinador/a dos GID creados:

- RED-IS (Rede educativa docente-innovar en sociedade).  
Coordinador: José Luis González Cespón.
- Calidade e seguridade alimentaria.  
Coordinador: Jesús Simal Gándara.
- GELT (Grupo de estudos das tecnoloxías da tradución).  
Coordinador: Óscar Díaz Fouces.
- GTEyE (Grupo de tecnoloxía enerxética e educación).  
Coordinador: David Patiño Vila.
- HIPATIA.  
Coordinadora: M.<sup>a</sup> de las Nieves Lorenzo González.
- Economía Pública e Fiscalidade Aplicada.  
Coordinadores: Xosé Manuel González Martínez e José Carlos Álvarez Villamarín.
- Docencia aberta\_Open Teaching.  
Coordinador: Xosé María Mahou Lago.
- LiPoLI (Lingua Portuguesa e as suas Literaturas).  
Coordinador: Burghard Baltrusch.
- GID M3C (Desarrollo del Laboratorio Mecatrónico LEGO\_MINDSTORMS en casa).  
Coordinador: Julio Garrido Campos.
- Innovación docente en la empresa.  
Coordinadora: Beatriz González Vázquez.
- Educación científica, sustentabilidade e xénero.  
Coordinadora: María M. Álvarez Lires
- I+I=C (Innovación máis investigación igual a calidade).  
Coordinador: José Vicente Novegil Souto.
- INNOVA Derecho.  
Coordinador: Pablo Raúl Bonorino Ramírez.

- INDBIO (Innovación docente en Bioloxía).  
Coordinador: María Jesús Iglesias Briones.
- LyCoTeC (Lengua y Comunicación Técnico-Científica).  
Coordinador: Antonio Rifón Sánchez.
- Innovación na docencia de Matemáticas en Enxeñaría Industrial.  
Coordinador: Jaime Díaz de Bustamante.

O 27 de xuño de 2017 publicouse unha convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Educativa. Para esta finalidade destináronse 15.000 €. A iniciativa tivo como obxecto apoiar a xeración de materiais docentes para a docencia universitaria, sufragar actividades de divulgación docente e participar en congresos.

### *Actividades de formación en centros e departamentos recoñecidas como formación permanente do profesorado*

Neste ano académico recoñecéronse as seguintes actividades de formación coma formación permanente do profesorado:

- Didáctica da Estatística.
- Deseño e avaliación de materias por competencias na Universidade.
- Obradoiro práctico de formulación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Retos da cooperación ao desenvolvemento. Os obxectivos de desenvolvemento sostible.

### *Proxecto de Implantación dun Modelo Titorial Baseado na Mentoría/MEET-Uvigo*

Esta iniciativa consiste en que alumnado dos últimos cursos do grao mentorice ao alumnado de primeiro ano. Para desenvolver esta labor os mentores/as reciben unha formación de 98,5 horas en competencias transversais.

Esta práctica comezou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (MEET-Teleco). Nun primeiro momento a formación era impartida por profesionais do mundo do coaching, mais para poder transferir esta práctica a máis centros, optouse por formar intensivamente a un grupo de profesores/as da Universidade de Vigo e que estes se encargasen desta tarefa.

Neste momento están participando graos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Facultade de Filoloxía e Tradución, Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Facultade de Química. A idea é que cada ano se vaian incorporando dúas novas titulacións ao proxecto.

A formación do alumnado mentor desenvólvese antes de comezar o curso académico. Entre os meses de xuño e de setembro. En xuño de 2017 impartíuse a primeira formación levada a cabo enteiramente por profesores/as da Universidade de Vigo. As enquisas revelaron o éxito do programa. Algunhas das respostas recollidas das enquisas son as seguintes:

“Encantado coa formación. Fíxome reflexionar moito sobre min mesmo e como interactúo.”

“Unha preparación axeitada para afrontar o proceso de mentoría e unha serie de lección acerca de competencias transversais útiles para a vida en xeral.”

“Ser capaz de ser máis aberto e comunicativo.”

“Unha experiencia nova que me axudou a levar o meu día a día doutra maneira e moi frutífera.”

“Lévome unha moi boa experiencia e o ter coñecido xente marabillosa. Tamén todo o aprendido sobre min e o feito de afrontarme aos meus medos.”



## Oficina de I+D

A misión da Oficina de I+D é a de potenciar a utilización do coñecemento científico-tecnolóxico, humanístico e social na nosa contorna socioeconómica, fomentando as relacións cos distintos axentes do sistema de innovación, interactuando coas empresas e centros de investigación, propiciando a explotación dos resultados, consolidando iniciativas emprendedoras baseadas na investigación e contribuíndo en nome da universidade á xeración de riqueza e benestar.

Dende maio de 2017 e pola execución da RPT, esta misión é tamén ofrecida de maneira presencial no campus de Ourense por un técnico superior de I+D.

Indicadores da actividade de transferencia curso 2016-2017

Actividades de Transferencia	Total
Contratos e acordos colaborativos de I+D	
Contratos art. 83 LOU asesorados e asinados	52
Contratos/Acordos de I+D asesorados no marco de convocatorias públicas	38
Contratos de Licenza	7
Acordos de Confidencialidade	4
Acordos de Transferencia de Material	5

Patentes solicitadas	
Nacionais	19
Internacionais	12
<i>Spin-off</i>	
Titorizadas	7
Creadas	2

### Balance de indicadores de transferencia

**I+D colaborativa e baixo contrato:** Un total de 90 contratos e convenios colaborativos foron asesorados neste curso dende a Oficina de I+D, que se distribúen coma segue:

- Contratos fora de convocatoria: 52, por un importe de 2.100M€
- Contratos/Convenios colaborativos no marco de convocatorias pendentes de resolución: 38, por un importe de 1200M€

**Patentes e acordos de licenza:** Neste curso 2016-2017, tramitáronse 19 solicitudes de patentes nacionais e 12 patentes europeas e internacionais. Asináronse 7 contratos de licenza, baseados en patentes, software e know-how. Nestes acordos estipúlase, habitualmente, un retorno



para a Universidade en función do volume de vendas que a empresa licenciataria xenere pola comercialización do produto.

**Spin-off:** En canto ao apoio na creación de spin-off baseadas na I+D, neste curso titorizáronse 7 iniciativas de grupos de investigadores promotores, e puxéronse en marcha 2 empresas coas que se acadou o correspondente acordo de transferencia: Circadian Ambulatory Technology and Development e Codelab17.

Asimesmo renovouse a convocatoria pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo en CITE XVI (Campus de Vigo), Centro de Iniciativas Empresariais (Ourense) e a Cámara de Comercio (Pontevedra) para a súa incubación. Estas axudas dan apoio as spin-off asumindo os alugueres dos devanditos locais cunha subvención do 50% por parte da universidade.

### *Programa Ignicia-Proba de concepto*

Ante o anuncio da convocatoria por parte da Axencia Galega de Innovación sobre probas de concepto, iniciamos a tarefa de promoción, difusión e identificación de resultados dos nosos grupos de I+D que estiveran no estado de maduración que requería o programa, coa finalidade de obter o financiamento que puidese achegalos ao mercado.

Acompañamos aos grupos de investigación promotores na elaboración das candidaturas e presentamos 9 proxectos. Na primeira avaliación 7 deles foron considerados relevantes dende o punto de vista da súa aplicabilidade no mercado e na segunda fase, a definitiva para a inversión dos proxectos, conseguimos que tres proxectos foran financiados, dun total de 7 para toda Galicia. Entre os tres proxectos acadouse un financiamento de 1.162.000€: Proxecto UbiSmart, XHS-Platform e Biofast.

### *Actuacións de Promoción e Marketing*

Neste curso, as actividades de promoción máis salientables son:

- Foro Transfiere 2017. A nosa universidade participou por terceiro ano consecutivo neste evento onde

presentou e promocionou a carteira de resultados. Málaga, 14-16 de febreiro

- BIOSPAIN. A nosa universidade acudiu por segunda vez a este encontro de carácter sectorial e ámbito internacional, compartindo stand con GAIN, Bioga, ACIS, Igape e a Universidade de Santiago de Compostela.
- Máis de 200 grupos están censados na base de datos de capacidades de I+D+i, poñendo a disposición da contorna socioeconómica todo o potencial científico, tecnolóxico, humanístico e social da nosa universidade, accesible tanto en inglés, coma en castelán e galego.
- Dispoñemos de catálogos de oferta de I+D+i nos seguintes sectores: Biotecnoloxía, Recursos mariños, Agroalimentación, Ciencias humanas e sociais, TIC, Enerxías renovables e medioambiente, Sector Naval, Sector da Construción, Acuicultura. [http://www.uvigo.gal/uvigo\\_gl/investigacion/transferencia/oferta/publicacions/index.html](http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/transferencia/oferta/publicacions/index.html)
- Dispoñemos dunha carteira de resultados de I+D+i conformada por máis de 180 patentes, tecnoloxías, e knowhow dispoñibles para o seu licenciamento. No escaparate virtual de resultados pódese acceder a unhas 40 fichas comerciais, distribuídas por sectores. Asimesmo no portal Innoget, ([otrivigo.innoget.com](http://otrivigo.innoget.com)), marketplace dirixido a oferta e a demanda de I+D+i, están dispoñibles 18 dos nosos resultados, nos seguintes sectores: TIC, Enerxías, Física, Bioloxía, Agricultura, Agroindustria e Recursos mariños, Medioambiente, Materiais, Fabricación...

### *Proxectos, organización e participación en eventos*

#### **Organización de cursos para PDI:**

- Curso de patentes, busca e redacción, Vigo, 14 e 15 de setembro.
- Curso de Vixianza competitiva, Vigo 20 e 21 de setembro.
- Curso de Desenvolvemento de negocio para a comercialización de capacidades e resultados de investigación, Vigo, 19 e 26 de outubro, Ourense, 7 e 14 de marzo.

#### **Impartición de conferencias:**

- Programa Incuvi: Charla sobre propiedade industrial, 20 de setembro.
- I Xornada de Empredemento investigador: Charla, Coruña, 15 de decembro.
- Seminario sobre empredemento do programa de doutorado interuniversitario de Biotecnoloxía avanzada: Píldora formativa “Mecanismos de transferencia”, Vigo, 4 de maio.

#### **Premio Emprededor XXI:** membro do xurado.

Avaliación de iniciativas empresariais. Entrega de premios Vigo, 6 de outubro.

**Site Visit CERN:** Participación na xornada organizada pola rede europea ASTP-Proton, sobre organizacións de transferencia en centros de investigación, Xenebra, 10-11 de outubro.

**Programa IACOBUS:** No seo deste programa de intercambio de persoal, a Oficina de I+D acolleu durante a semana do 19 ao 23 de xuño de 2017 ao Coordinador da Oficina de Transferencia de Coñecementos do Politecnico de Porto.

#### **Acollida de delegacións de empresas estranxeiras:**

- Empresa italiana RENNEN, e visita a Citexvi, 11 de maio.
- Empresa italiana PER SPA, 19 de maio.

**Programa POCTEC:** Preparación de proposta baseada na economía circular e o empredemento, con socios de Galicia e Norte de Portugal.

**Asistencia a Pont-up store,** espacio de referencia do novo empredemento de Galicia, organizado pola nosa universidade en Pontevedra, 23 de setembro.

**Asistencia ao evento internacional SPIN2016,** evento de empredemento iberoamericano, Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, 30 de setembro.

**Asistencia á entrega de premios BIOGA2016,** Porriño, Empresa Biofabri, 11 de novembro.

**Asistencia ás Xornadas de Investigación das universidades españolas,** que congregaron en Vigo aos vicerreitores de investigación e transferencia, responsables de OTRI e xefes de servizo de apoio á I+D+i das universidades españolas o 1 e 2 de decembro.



## Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

### *A mobilidade de estudantes, PDI e PAS da Universidade de Vigo*

#### *Estudantes*

Durante o curso 2016-17 un total 687 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas. 294 homes e 391 mulleres

#### **O programa Erasmus+ Estudos**

Un total de 508 estudantes, 224 homes e 284 mulleres, da UVigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en Europa co programa Erasmus+. Destes, 121 estudantes procedían do campus de Vigo, 126 de Ourense e 114 de Pontevedra.

As preferencias por país son Italia, Portugal e Polonia quedando Alemaña en 4º lugar de destino.

#### **O Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo**

Un total de 44 estudantes, 26 mulleres e 18 homes, gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios: 7 do campus de Ourense, 18

do campus de Pontevedra e 19 do campus de Vigo. Brasil con 15 estadias, Chile con 11 e Arxentina con 7 destacan como países preferentes, seguidos de México.

#### **O programa ISEP**

No marco do programa ISEP, 13 estudantes, 6 homes e 7 mulleres, cursaron estudos en universidades norteamericanas, 11 do campus de Vigo, 1 do campus de Ourense e 1 do campus de Pontevedra.

#### **O programa de bolsas Iberoamérica estudantes de Grao**

Gozaron de bolsas no marco desta convocatoria 20 estudantes, 8 homes e 12 mulleres: 6 do campus de Ourense, 10 do campus de Pontevedra e 9 do campus de Vigo.

#### **O programa GE4**

4 estudantes, 3 do campus de Vigo e outro do campus de Ourense, 1 home e 3 mulleres, gozaron de bolsas no marco desta convocatoria.

#### **O programa de bolsas Iberoamérica Investigación**

Unha estudante, muller, gozou dunha estadia en México ao abeiro deste programa.

### Mobilidade de curta duración no marco de proxectos Erasmus + KA2: LSTI e ILPA

No marco da acción KA2, 11 estudantes realizaron mobilidades de curta duración, 7 mulleres e 4 homes, 6 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias e 5 da Facultade de Tradución e Interpretación. Tres proxectos que tiveron lugar en Francia, Grecia e Letonia.

### O programa de prácticas Erasmus

En 2016-17, un total de 48 estudantes (32 mulleres e 16 homes), participaron no programa Erasmus prácticas. O alumnado realizou prácticas nos seguintes países: Alemaña, Bélxica Dinamarca, Hungría, Irlanda, Italia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, e República Checa. Destacan como destinos preferidos: Portugal con 12 mobilidades e Reino Unido con 11. O centro con máis alumnos participantes foi a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo con 12 participantes, seguida da Escola de Enxeñaría Industrial con 10.

### As prácticas internacionais extracurriculares

A ORI tramitou a documentación dun total de 13 alumnos (7 mulleres e 6 homes).

A ORI prestou asesoramento e apoio aos centros interesados en ofertar prácticas internacionais curriculares ao seu alumnado.

### O programa de Libre Mobilidade

Realizaron unha estadía por medio deste programa nunha universidade estranxeira 14 estudantes: 10 mulleres e 4 homes, 2 de Ourense, 6 do de Pontevedra e 6 do de Vigo.

### O programa Erasmus + KA107 con países asociados

No curso 16-17, leváronse a cabo as primeiras mobilidades con países asociados financiadas polo programa Erasmus+, acción KA107. 2 estudantes, 1 home e 1 muller desprazáronse a China para un período de investigación como estudantes de doutoramento.

### Programa IACOBUS

Na IV convocatoria, 5 estudantes de doutoramento/ investigadores realizaron unha estadía en universidades portuguesas, 3 mulleres e 2 homes.

### Outros programas

No marco do programa EMundus GreenTech WB enviáronse 2 estudantes (2 homes), de mestrado, un a Montenegro e outro a Bosnia-Herzegovina. Ao abeiro do programa EuroInkaNet, enviouse 1 estudante de mestrado (1 home) a México. Co proxecto Emundus EGOVTN, 1 estudante de mestrado gozou dunha estadía en Túnez.

### PDI: 119

102 profesores realizaron estadías no estranxeiro co programa Erasmus + KA103, 64 mulleres e 38 homes. 29 do campus de Ourense, 20 de Pontevedra e 53 do campus de Vigo. Portugal e Italia foron os destinos preferentes.

No marco do programa Erasmus+ KA107, leváronse a cabo as primeiras mobilidades con países asociados financiadas polo programa Erasmus+, acción KA107. 2 profesores, homes, a China (convocatoria 2015 e 2016) e 1 profesor, home, a Cabo Verde.

Co programa IACOBUS, IV convocatoria, 13 docentes, 7 mulleres e 6 homes realizaron unha estadía nunha universidade portuguesa.

No marco do proxecto financiado pola Unión Europea EMundus GreenTech WB enviouse 1 PDI muller da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación a Bosnia-Herzegovina.

### PAS: 7

7 membros do PAS realizaron estadías de mobilidade: 6 co programa Erasmus, 3 mulleres e tres homes, 1 co programa Emundus EuroInkaNet, 1 home.

### A captación e a recepción de estudantes e persoal estranxeiro

#### Estudantes estranxeiros

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades, xestionando a mobilidade de 573 estudantes estranxeiros. 369 mulleres e 204 homes. 435 no campus de Vigo, 50 en Ourense e 71 en Pontevedra. 347 estudantes Erasmus, principalmente de Italia 67, Alemaña 63, Francia 61, Polonia 40, Portugal 26, Turquía 20, Reino

Unido 12, Romanía 7, Grecia 8, Lituania 8, República Checa 7, Austria 8, Eslovaquia 4, Bélxica 3, Letonia 3, Países Baixos 3, Bulgaria, Croacia e Irlanda 2 cada un e Dinamarca, Austria, Finlandia, A.R.Y. de Macedonia, e Hungría 1 cada un; 108 estudantes de convenios de cooperación bilaterais asinados pola Universidade de Vigo e procedentes de México 51, República de Korea 11, Arxentina 9, Brasil 9, China 5, Chile 5, Kazakhstán 5, Uruguai 4, Colombia 3, Estados Unidos 3, Taiwan 1, Canadá 1 e Perú 1; 4 estudantes do convenio específico de colaboración para o recoñecemento mutuo de estudos EM de Brasil; 19 estudantes dentro do programa ISEP de Estados Unidos e 3 estudantes ISEP I-I de Canadá; 28 estudantes Erasmus prácticas procedentes de Italia 7, Francia 7, Portugal 4, Reino Unido 2, Turquía 2 e Italia, Lituania, Países Baixos, Polonia, Rep. Checa e Romanía 1 cada un; 1 estudante da Fundación Carolina procedente de Cuba; 11 estudantes visitantes: de China 10 e Estados Unidos 1; 13 estudantes no marco do proxecto EMundus GreenTechWB procedentes de Serbia 7, Albania 5, e Montenegro 1; 11 estudantes no marco do proxecto EMundus E-Gov-TN procedentes de Túnez; 4 estudantes no marco do proxecto europeo EMundus EuroInkaNet procedentes de Bolivia 2, México 1 e Ecuador 1. 2 estudantes do proxecto KA107 procedentes de China; 2 estudantes do proxecto GE4 de China.

Recibimos tamén a maiores un total de 35 estudantes visitantes estranxeiros de investigación, 20 mulleres e 15 homes procedentes de Tunisia 7, Alxeria, Irán e México, 4 cada un; Italia, 3, Arxentina e Alemaña 2 cada un; Brasil, China, Colombia, Exipto, Mauritania, Marrocos, Reino Unido e Suecia, 1 cada un

Recibíronse tamén 6 investigadores no marco do programa IACOBUS IV: 2 mulleres e 4 homes.

### Profesorado

Desde a ORI facilitouse o apoio institucional para a recepción de 80 PDI, 65 co programa Erasmus (35 mulleres e 30 homes), 1 home no marco do proxecto europeo EMundus GreenTechWB e 14 PDI no marco do programa IACOBUS IV: 6 mulleres e 8 homes.

### Persoal de administración e servizos: 17

Recibíronse 13 persoas en diferentes servizos da Universidade de Vigo, no marco do programa Erasmus+

(6 mulleres e 7 homes). Ao abeiro do programa Emundus EuroInkaNet a UVigo recibiu a 1 PAS (1 muller) procedente de Perú. No marco do programa IACOBUS IV recibíronse 3 persoas: 2 mulleres e 1 home.

### A participación en programas e proxectos internacionais

A ORI difundiu entre o profesorado da UVigo a información relativa ás novas convocatorias europeas para presentar proxectos educativos internacionais no marco dos distintos programas da Dirección Xeral de Educación e Cultura da Unión Europea e a EACEA: KA2 asociacións estratéxicas, capacity building, alianzas do coñecemento, alianzas sectoriais, KA3 de apoio as reformas políticas: inclusión social a través da educación e a formación, Jean Monnet, Sports, etc., así como as convocatorias de financiamento de proxectos de innovación e de cooperación ao desenvolvemento da AECID e da Xunta de Galicia. Facilitou a comprensión do proceso de solicitude, apoiou na búsqueda de parceiros internacionais e na formación de consorcios, colaborou técnica e desenvolvemento de novas propostas competitivas, etc. En relación aos proxectos educativos internacionais aprobados e en vigor en 2016-17 proporcionouse asistencia e xestión técnica e financeira, así como coordinación de recursos humanos e seguimento na implementación dos seguintes 25 proxectos:

- Programa Erasmus Mundus (4 proxectos): no marco de EMundus Green IT for the benefit of the civil society baixo a dirección da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea realizouse e difundíuse unha publicación dos resultados obtidos durante os 4 anos deste proxecto: The EMundus Green IT Project, Mobility and Overview of the Higher Education System in 4 Partner Countries of North Africa: Algeria, Egypt, Morocco and Tunisia. Realizáronse as accións previstas da segunda anualidade do proxecto EMundus Green TECH WB: Smart and Green Technologies for Innovative and Sustainable Societies cos Balcáns occidentais baixo a dirección da prof. Ana Fernández e a coordinación técnica de Eva Garea cun total de 20 socios e 27 entidades asociadas, financiado pola Unión Europea con 2.921.875€. Concedéronse neste período 54 mobilidades: 22 de grado, 13 de máster,

6 de doutoramento, 5 de post-doutoramento e 8 de personal docente e de administración, incluíndo 9 beneficiarios procedentes da UE aos Balcáns e 45 dos Balcáns á UE. Lanzouse a oferta académica de 654 ámbitos preparada entre todos os membros do consorcio para o último cohort de beneficiarios e cun total de 30 prazas dispoñibles. O equipo Green TECH WB participou na feria de educación superior de Serbia, en Belgrado, en novembro de 2016. No proxecto EMundus: Euroinkanet, Europe and Latin America Sustainable Innovation and Knowledge Academic Network, con América Latina, baixo a dirección na UVigo da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea recibíronse na UVigo os últimos beneficiarios. Xestionouse baixo a dirección da prof. Ana Fernández Vilas a última anualidade do proxecto EMundus E-GOV-TN: Open Government data in Tunisia for Service Innovation and Transparency, coordinado pola Université de Nantes, Francia no que a UVigo participa en calidade de socio, con Túnez e con 17 socios.

- Acción Jean Monnet (3 proxectos): novo módulo Jean Monnet: 'Protecting Fundamental Rights in the European Union' coordinado pola prof. Almudena Bergareche e coa participación do prof. Angel Aday Jimenez; e novo proxecto Jean Monnet: 'European Culture, a contribution for a new narrative of Europe' coordinado polo prof. Luis Dominguez. A ORI xestionou un ano máis a cátedra Jean Monnet 'Understanding the EU in the 21st century' do prof. Celso Cancela Outeda.
- Convocatoria KA2, asociacións estratéxicas (8 proxectos): 1) 'ILPA: International Learning Platform for Accountancy', coordinado pola Universität Innsbruck, Austria e na UVigo pola prof. Belén Fernández, destacando a participación no Programa de Estudo Internacional ILPA de 5 días de duración na Université de Bretagne-Sud en outubro de 2016; 2) Guide My Way coordinado por Emilia Seoane e centrado en: European Guidance Counselling Concept for International Youth Mobility; 3) 'LSTI: Systèmes juridiques et droits des entreprises dans l'UE: Traduire et interpréter dans la diversité' coordinado pola Jihoceska Univerzita v Českých Budejovicích, República Checa e na UVigo pola prof. Susana Cruces, que participou no curso intensivo

realizado en Ventspils, Letonia en xaneiro de 2017; 4) 'DiamondDT, Development of Innovative Academic ON the basis of DT teaching', coordinado por Lodz University of Technology, Polonia, e na UVigo polo prof. Manuel Fernández Iglesias, que liderou a organización da reunión do consorcio en setembro de 2016 na UVigo, así como a DiamondDT Summer Academy en xuño de 2017 con todos os parceiros polacos e noruegos e estudantes de enxeñaría; 5) 'KIPAM: Knowledge is power, age ain't matter', coordinado por Wyższa Szkoła Bankowa w Poznaniu, Polonia, coa participación activa do Prof. Miguel Ángel Nombela e Ricardo Corderí na reunión internacional do consorcio en Salerno, Italia. Entorno a temática e obxectivos deste proxecto organizouse na UVigo, en xullo de 2017, a Semana Internacional People Age + 50; 6) 'Mapped', coordinado por International Exchange Erasmus Student Network France e na UVigo polo prof. Manuel Fernández Iglesias. Eva Garea presentou unha sesión na EAIE: 'Tackling Obstacles to international mobility for students with disabilities' en setembro de 2016. Participación de Victoria Guenaga en xaneiro de 2017 na xuntanza de seguimento do proxecto para o deseño da app Mapped para móbiles, así como desprazamento a Irlanda, á sede de AHEAD, en marzo de 2017 para unha formación sobre inclusión na educación superior. En abril de 2017, realizouse na UVigo o evento multiplicador Meet&Map centrado na concepción de cómo crear as condicións de inclusividade e accesibilidade para estudantes con discapacidade. Asistencia da prof. Carmen Ruiz á reunión final do proxecto, en Bruxelas coa temática 'Proporcionando oportunidades de igualdade a estudantes con discapacidade para a súa participación no programa Erasmus+'. Inicio de novos proxectos KA2: 7) 'LEAP: Lean and Agile Practices linking Engineering Higher Education to industry', coordinado polo prof. Manuel Caeiro e 8) 'Educo2Cean: Education models to transmit to society the challenge of global change in the ocean', coa coordinación do Campus do Mar.

- Convocatoria KA2, Capacity Building (5 proxectos): realizáronse as actividades do proxecto CBHE Experes, 'Les TICS appliquées à l'expérimentation scientifique' coordinado pola Universidad de Murcia

e na UVigo pola prof. Rebeca Díaz, coa asistencia á 3ª reunión de seguimento en Leon en febreiro de 2017, e en xullo de 2017 na Université Chouaib Doukkali d'El Jadida, Marrocos durante a que se presentaron os resultados da conceptualización e testado dos traballos prácticos. Neste curso académico a UVigo acadou un grande éxito na obtención de proxectos CBHE cun total de 4 novas propostas aprobadas con orzamentos cercanos ao millón de euros por proxecto. No marco do proxecto CBHE MarMOOC: Apprentissage Hybride Mutualisé et Ouvert dans les Universités Marocaines, liderado pola UVigo e baixo a coordinación da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea, asistíuse à xuntanza en xaneiro de 2017, en Bruxelas, de coordinadores de proxectos europeos CBHE de todo o mundo, celebrouse na UVigo a reunión inaugural coa presenza de todas as institucións do consorcio, incluído o Ministerio de Educación de Marrocos, organizáronse as sesións formativas para técnicos e docentes sobre os MOOCs e SPOOCs na UVigo e na Université Pierre et Marie Curie de París e lanzouse a caravana informativa dos Moocs polas universidades marroquís. 3 novos proxectos en calidade de socios con Marrocos, Vietnam e Camboia, que organizaron as súas reunións inagurais e aprobaron a primeira anualidade de actividades: EVAL: Exploitation des Compétences et Valorisation des acquis e LMPI: Licence, Master professionnels pour le développement, l'administration, la gestion, la protection des systèmes et réseaux informatiques dans les entreprises coordinados pola prof. Ana Fernández; e DOCKSIDE: DOctoral program in Khmer universities Strengthening the International Development of Environmental and maritime research coordinado polo prof. Manuel Varela.

- Programa EDULINK II con África, Caribe, Pacífico-EU. Executáronse as actividades relativas á monitorización final deste proxecto perante a Unidade de Asistencia Técnica ACP-UE en relación a accións realizadas no marco do proxecto HEEMs, 'Reinforcement of Higher education as a tool to foster efficient use of energy applied to the poverty reduction within the marine sector through capacity building and regional integration' coordinado na UVigo polo prof. Domingo Docampo e Angel Sánchez, e a coordinación técnica de Eva Garea.

- Programa Tempus IV: realizáronse as actividades previstas da última anualidade do proxecto Tempus Momate: asistencia ás reunións de traballo do consorcio na Université Ibn Zohr Agadir, Marrocos en setembro de 2016, na UAE, Marrocos, en novembro de 2016, e na ULeon en decembro de 2016, así como asistencia de Eva Garea á reunión final de clausura do proxecto e presentación de resultados das novas titulacións marroquís, arxelinas e tunecinas creadas en enerxías renovables, na Université de Sousse, Túnez, en marzo de 2017. Contribución da prof. Ana Fernández Vilas e Angel Sánchez Bermúdez á unha publicación de resultados do proxecto Momate.
- Novo proxecto europeo da EACEA da convocatoria Sports: Active Campus Europe, que inclúe a alianza de 16 servizos de deportes co interese común de promover a actividade física e deportiva. O equipo de traballo na UVigo inclúe aos técnicos do servizo de deportes baixo a coordinación de Javier Rial e a docentes da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- No marco das convocatorias da Xunta de Galicia e da AECID de proxectos de cooperación para o desenvolvemento realizouse o seguimento da segunda anualidade de dous proxectos en vigor, un con Cabo Verde e outro con Cuba: 'Mellora da xestión sostible e rentable dos recursos e servizos marinos en Cabo Verde a través do desenvolvemento de redes de monitorización do estado ecolóxico do medio costeiro para a súa aplicación a produción pesqueira e a conservación', coordinado na UVigo polo prof. Emilio Suárez e o Campus do Mar e 'Impermeabilización de cubiertas de vivendas elaborados con materiais reciclados para familias vulnerables del municipio de Calimate', coordinado na UVigo pola prof. Carmen María Abreu, e xestionado tecnicamente pola ORI.
- No marco da convocatoria Erasmus + KA107 a UVigo está a desenvolver mobilidades entrantes e saíntes con China, Cabo Verde e varios países dos Balcans occidentais.

### *A sinatura de convenios internacionais*


En 2016-17, asináronse 17 novos convenios de cooperación internacional.

### *Participación en feiras e encontros internacionais*

- Participación na Asamblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, setembro de 2016, Universitat Jaume I, Castelló.
- Participación na III xuntanza ISEP Iberia no marco do programa ISEP con Estados Unidos, outubro de 2016, Universitat Rovira i Virgili.
- Participación na Feria de Posgrao PRONABEC, novembro 2016, Perú.
- Asistencia as Comisións CRUE, outubro 2016 e maio de 2017
- Asistencia ás xornadas organizadas polo SEPIE, decembro 2016, Madrid e xuño 2017, Murcia
- Participación na feria Nafsa, do 8 de maio ao 2 de xuño 2017, Los Angeles EEUU.
- Asistencia á EAIE, 13-16 de setembro 2016, Liverpool, Reino Unido.

### *Outras actividades*

- Presentación por parte de Eva Garea na assemblea anual da rede universitaria europea Nice Network, xuño 2017, en Metropolia University of Applied Sciences, Helsinki, Finlandia do panel: Solicitudes exitosas de proxectos europeos no marco de Erasmus+ KA2 asociacións estratéxicas.
- Preparación da memoria xustificativa das actividades de cooperación ao desenvolvemento no marco do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e as Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.
- Organizouse en xullo de 2017 Semana Internacional “People Age + 50” coa presenza de 48 socios internacionais



## Unidade de Análise e Programas (UAP)

A novidade máis relevante no ano 2016 de entre as actividades da Unidade de análises e programas, está relacionada coa entrada en vigor da lexislación de transparencia tanto estatal como autonómica, que supón un considerable avance ao establecer un marco de referencia xeral para o sector público.


A apertura na web dun novo Portal de transparencia, adaptado ao establecido na lexislación, e dun novo Portal de datos estatísticos no que se reflicte a información estatística da maior parte da actividade da universidade, constitúe un fito na aposta pola rendición de contas á sociedade.


Na mesma liña a implantación do procedemento de “dereito de acceso á información pública”, revélase coma un dos pilares básicos sobre os que se asenta a nova administración pública aliñada cos principios da Boa Gobernanza.

### *Estatísticas, ránkings e solicitudes de datos*

Durante o ano 2016 respóndense 96 solicitudes de datos das que 55 son de demandantes externos (Plan estatístico nacional, AGE, CRUE, Universia,...), e 41 de orixe interno (gabinete de prensa, vicerreitorías, ...). O 24% son respondidas en 24 horas.

### Tempo de resposta





As canles establecidas para a solicitude de datos son por correo electrónico e a través do formulario habilitado no Portal de Transparencia, a través do que se realizaron 36 solicitudes en virtude do dereito de acceso a información pública. Ademais tal e como establece a normativa de transparencia realízase ao final de ano un estudo dos datos máis solicitados co obxecto de incorporalos aos datos publicados no Portal.

### Xestión de indicadores dos programas institucionais

A UEP ten encomendadas as tarefas relativas ao cálculo de indicadores de resultados de diversos programas:

- Contrato programa de centros: a UAP realiza en novembro o cálculo dos novos indicadores establecidos na normativa e que servirán de base para o reparto orzamentario correspondente.
- Programa de seguimento de titulacións oficiais: co obxecto de proporcionar ás comisións de centro os indicadores necesarios para a elaboración da memoria de seguimento de titulacións, realizamos o cálculo e publicación na web dos indicadores aprobados no programa.
- Programa de acreditación de titulacións oficiais: a UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores aprobados pola ACSUG, correspondente ás titulacións oficiais que se acreditan cada ano.
- Programa de certificación do Sistema de garantía interna de calidade dos centros: Seguindo o calendario previsto a UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores do panel do Sistema de garantía interna de centros.

### Transparencia

Con motivo da entrada en vigor das leis de transparencia estatal e autonómica realízase o análise das obrigas de publicidade activa recollidas nas leis. Para facilitar a visibilidade e accesibilidade da información publicada centralízase a información a través do Portal de transparencia. Así mesmo iniciase a xestión de solicitudes



Como ven sendo habitual, a finais de 2016 realízase unha nova revisión do procedemento de xestión de solicitudes de datos asignando responsabilidades, tipos de datos, fontes fiables, usos dos datos, periodicidade e procedemento de validación na procura de datos coherentes, fiables e reutilizables.

de dereito de acceso, co deseño do procedemento que é xestionado pola Unidade de análises e programas ata que o regulamento propio da universidade sexa aprobado. Das 36 solicitudes que foron presentadas a través do formulario do portal de transparencia, todas foron estimadas.

Por outra banda a Universidade de Vigo figura no 2º posto no **ránking de transparencia de universidades españolas**, no informe elaborado no ano 2016 pola Fundación Compromiso y transparencia.

### Sistema integrado de información universitaria



A UAP coordina, en colaboración cos servizos informáticos, as tarefas do Sistema integrado de información universitaria (SIIU), co que se elaboran entre outras as estatísticas do Plan estatístico nacional.

Ao longo do ano, seguindo o calendario previsto, a UAP realiza tarefas de supervisión, contraste cos datos propios e validación dos ficheiros das áreas de bolsas, académica, económica e de recursos humanos.


Por outra banda e dada a utilidade da información existente no SIIU, ao longo do ano realizamos varias descargas de ficheiros dos principais indicadores do Sistema universitario español, e procedemos a súa publicación a través da Secretaría Virtual, de xeito que poida ser accesible a todos os membros da comunidade universitaria.

### Sistema de queixas, suxestión e parabéns


No ano 2016 recibíronse a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns un total de 480 QSPs, das que un 9 % son clasificadas como non clasificable ao corresponder a unidades que non están dentro do sistema de QSPs, como a Biblioteca Universitaria, ou por estar repetidas. Cómpre aclarar que tanto as QSPs non clasificables como as englobadas dentro do item solicitude, que conforman o 13% do total e que se corresponden con solicitudes de información, non se computan no resto dos apartados.



### Tempo de resposta



### Tipo de usuario/a



### Cartas de servizo

No ano 2016 continúase cos traballos de redacción das Cartas de servizo de Asesoría xurídica, Secretaría xeral, Oficina de I+D e Área de calidade, sendo revisadas pola Comisión técnica de calidade o 1 de xullo de 2016 e aprobadas por Xerencia o 4 de xullo. A partir desa data inicianse as tarefas de maquetación e implantación da carta.

### Responsabilidade social

No segundo trimestre de 2016 a Universidade de Vigo, adhírese ao Pacto Mundial, iniciativa da ONU pola que as empresas e organizacións que se unen á iniciativa comprométese a respectar os dereitos humanos e normas laborais, a preservar o medio ambiente, e a actuar con transparencia nas súas actividades.

Co obxectivo de visibilizar o compromiso da Universidade coa RS, ao longo de 2016 a UAP identifica e publica a través da web, as actividades da universidade que xeran un considerable impacto directo ou indirecto, socioeconómico e medioambiental, para a universidade mesma, para os seus grupos de interese e para a sociedade en xeral.

### Outras actividades

- Guía de acollida do novo PAS: en 2016 publicamos unha nova versión da guía incorporando nova información e actualizando a información xa existente.
- Programa de mellora de procesos: a UAP colaborou coa área de calidade e as áreas afectadas na definición dos procesos e procedementos de xestión de persoal.
- Comisións de Calidade da Universidade: O 1 de xullo de 2016 constitúese a Comisión técnica de calidade, comisión delegada da Comisión de calidade da Universidade, da que é membro nato a Coordinadora da UAP. Ao longo do ano celebráronse 2 sesións nas que, entre outros asuntos, a UAP presentou para a súa revisión as Cartas de servizo de diversas unidades.

### Formación

Formación programada e/ou impartida pola unidade: A UAP ten encomendada a función de difusión da cultura de transparencia entre o persoal da Universidade. Para o cumprimento de tal obxectivo realizouse un curso de transparencia dirixido a todo o persoal.

### Formación programada e/ou impartida pola unidade:

A UAP ten encomendada a función de difusión da cultura de transparencia entre o persoal da Universidade. Para o cumprimento de tal obxectivo realizouse un curso de transparencia dirixido a todo o persoal.

Programa formativo	Horas	Matrículas	Valoración global	Avaliación da eficacia
Aplicación informática do sistema de queixas, suxestións e parabéns	10	23	3,93	Capacitación no manexo da ferramenta informática de xestión de queixas, suxestións e parabéns.
Transparencia e bo goberno.	25	20	4,00	O persoal asistente pertencente a diversas unidades de xestión foi formado nos conceptos básicos necesarios para a aplicación da lexislación de transparencia.

### Formación a que asiste o persoal da unidade:

Entre os obxectivos da UEP atópase a formación continua do persoal da unidade, o que redundará na mellora da calidade do servizo prestado. No ano 2016 o persoal realiza os seguintes cursos con aproveitamento:

Programa formativo	Organizado por	Avaliación da eficacia
Lei de PAC e Lei de RXSP	UVIGO	Adquisición dos coñecementos necesarios para a implantación da nova lexislación de procedemento administrativo e réxime xurídico das AAPP.
Transparencia e bo goberno	UVIGO	Adquisición de competencias en funcións propias da UAP como transparencia, bo goberno e ética pública.
Datos abertos e enlazados	UPM-ODI Grupo de investigación	Coñecemento de aspectos básicos en materia de datos abertos e enlazados: conceptos, vocabularios, licenzas,..., que permitirán a UAP abordar a implantación do Portal de datos abertos da UVIGO.
Ferramentas avanzadas de calidade	UVIGO	O curso constitúe o nivel seguinte ao curso básico en materia de formación en calidade, e capacita ao persoal asistente para o uso de novas ferramentas de calidade.
Formación de formadores en transparencia	INAP / CTBG	Adquisición de competencias necesarias para formar ao persoal da institución en materia de transparencia.
Marketing dixital	UVIGO	Adquisición de coñecementos en experiencia de usuario, posicionamento da web e análise da mesma, que permitiron unha mellor xestión da web da unidade.
Seguridade informática básica	EGAP	Os coñecementos adquiridos permite cumprir na unidade os requirimentos normativos sobre protección de datos persoais e seguridade informática.
Rexeneración democrática	EGAP	Os contidos e os poñentes suscitaron un interesante debate sobre transparencia, rendición de contas e participación cidadá, aspectos básicos para mellorar a calidade democrática das institucións.
Desafíos das AAPP máis alá do século XX	UVIGO	No transcurso do obradoiro tratáronse aspectos relacionados co Management público na Universidade española de gran importancia para o desempeño dos postos de responsable dos servizos.





## *Unidade de Igualdade*

### *Xornadas de investigación*

A Universidade de Vigo foi a anfitriona da «V Xornada Universitaria Galega en Xénero», XUGeX, organizada polas tres universidades galegas e na que participou persoal docente e investigador de todas elas coa asistencia de noventa mulleres e oito homes. Esta edición, realizada en Vigo o 7 de xullo, afianzou a liña de traballo iniciada na edición anterior centrándose na práctica docente como medio idóneo para a transmisión de valores igualitarios que permitan unha auténtica transformación social. Así mesmo, dedicáronse tres mesas ás investigacións feministas e de xénero.

Na xornada foron presentadas nove comunicacións e vinte e tres posters. A conferencia inaugural, que levou por título «Feminismos e movementos trans\* na encrucillada», foi impartida polo docente en intervención sociocomunitaria e investigador no Instituto de Filosofía do CSIC, Lucas Platero Díaz.

### *Acto institucional do 8 de marzo*

Como vén sendo habitual dende hai cinco anos, o día 8 de marzo, «Día Internacional das Mulleres» realizouse o acto

institucional da Universidade de Vigo no que o reitor fixo entrega do quinto premio *uviguala* que lle foi concedido a María Mercedes Álvarez Lires, profesora e investigadora da Universidade de Vigo. No acto, realizado na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra, a profesora Coral del Río Otero impartiu a conferencia titulada «Figuras ocultas: o que as estatísticas do mercado laboral amosan» e María Lorenzo Rial e Elías Álvarez Fernández, estudantes de Educación, leron o manifesto do alumnado.

### *Día Intenacional da Muller e a Nena na Ciencia, 11 de febreiro*

A Universidade de Vigo celebrou no ano 2017 por primeira vez o 11 de febreiro, «Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia». Para isto, creouse o proxecto *Elas fan CienTec* que constaba de tres obradoiros do ámbito tecnolóxico e tres do científico por onde pasaron 120 rapazas de terceiro e cuarto da Educación Secundaria Obrigatoria de dous institutos vigueses e un tudense. Ademais, elaboráronse vídeos, en colaboración coa *Uvigo-TV*, de entrevistas gravadas a sete científicas e tecnólogas da Universidade de Vigo contando a súa experiencia e animando ás rapazas a que elixan estudos relacionados

coa ciencia e a tecnoloxía.

En colaboración coa Escola de Enxeñaría Informática, a de Aeroespacial e a Facultade de Ciencias do Campus de Ourense, convocouse o «I Concurso escolar de debuxo e redacción do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia» dirixida aos centros educativos da provincia de Ourense.

### *Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade*

Para o ano académico 2016-2017 a Unidade de Igualdade patrocinou, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades para impulsar a perspectiva de xénero na docencia e sensibilizar en materia de igualdade en colaboración con toda a comunidade universitaria:

#### **Primeiro cuatrimestre:**

- Xornada: «Masculinidades: formas de ser home»
- Xornada: «A muller tecnóloga»
- Xornadas: «Do feminismo ao postfeminismo: vellos mitos, novas trampas»
- Xornada: «Equidade de xénero na formación inicial docente»
- Xornadas: «Historia de mulleres»
- Ciclo de cine: «Pensar o cine VIII. Muller, violencia e igualdade»
- Xornada: «Traballando en igualdade»
- «Obradoiro de contos con perspectiva de xénero. Contos consenso»
- «Unha mirada de xénero. II ciclo»
- Xornada: «O traballo das mulleres. Perfil de xénero no sector pesqueiro»
- Xornada: «Feminismo e teoría xurídica: o debate sobre a regulación da prostitución»
- Xornada: «O novo delicto do matrimonio forzado dende a perspectiva de xénero»
- Xornada: «The “F” Word: Feminismos de hoxe»

#### **Segundo cuatrimestre:**

- Xornada «Entre poetas: dúas aproximacións a poetas españolas contemporáneas»
- Conferencia de Alicia Puleo: «Ecofeminismo e educación ecolóxica»

### *Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero*

Co obxectivo de concienciar de que a violencia contra as mulleres é un asunto colectivo, en torno ao 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres» organizouse en cada un dos Campuses da Universidade de Vigo o obradoiro titulado «Memética feminista: guerrilla da comunicación contra a violencia de xénero» impartido por Elena Fraj, docente da Universitat de Belas Artes e activista feminista. As prazas ofertadas cubríronse en todas as sedes e asistiron ao obradoiro corenta e cinco mulleres e dous homes.

A propia páxina web da Universidade de Vigo empregou o deseño do cartel no seu frontal para visibilizar o seu rexeitamento á violencia contra as mulleres coa frase «Mira, outra persoa que di que a violencia de xénero é un asunto privado...»

### *Actividades de visibilización*

A Unidade de Igualdade segue a ter como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar e recoñecer o labor das mulleres e as súas achegas ao coñecemento universal e o desenvolvemento social. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- O programa de apoio á creación feminina «Alt. procrea en feminino» no Festival de Teatro Alternativo de Vigo que tivo lugar entre o 10 e o 12 de marzo de 2017 en diversos escenarios da cidade de Vigo. As creadoras que participan neste proxecto son Sonia Gómez, Begoña Cuquejo e Celeste González.
- Colaboración co Festival Sinsal Illa de San Simón para a promoción e visibilización do talento feminino realizado entre os días 20 e 23 de xullo de 2017 onde Teresa Bua, Miriam Cartagena, Claudia González, Yolanda Ríos Coello e Lara Santos Fariña, estudantes na Facultade de Belas Artes elaboraron pezas artísticas para o cercado que separaba os escenarios do público.
- Edición do calendario para o ano 2017 «Mulleres da Universidade de Vigo», do que se fixeron 500 copias e do que hai unha versión descargable na web da Unidade de Igualdade.

### *Actividades de formación*

Dirixido exclusivamente a traballadoras da Universidade de Vigo, a Unidade de Igualdade organizou a segunda edición do curso «Muller e Saúde» de quince horas de duración ampliando os seus contidos con respecto á primeira edición. Asistiron quince traballadoras.

O 3 de abril organizou na Facultade de Belas Artes o obradoiro «Como o feminismo nos cambia a vida» dirixido a estudantes e con catro horas de duración, ao que asistiron dezasete alumnas e un alumno.

Coa mesma duración, o 26 de xullo tivo lugar na Escola de Estudos Empresariais o obradoiro teórico-práctico «Por que necesitamos o feminismo?» dirixido a estudantes e público en xeral á que asistiron vinte mulleres.

Durante este ano académico, o Servizo de Persoal de Administración e Servizos organizou, por proposta da Unidade de Igualdade, as seguintes actividades formativas:

- «Prevenición e resposta ao acoso sexual e por razón de sexo» (Campus de Vigo)
- «Estratexias para liderar en feminino» ( Campus Ourense)

### *Premios*

O xurado da quinta edición dos premios ANTONIA FERRÍN MOREIRAS de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero concedeu o primeiro accésit ao traballo titulado «Mulleres na Economía. Contribucións das mulleres á análise económica. Séculos XVIII, XIX e XX». Nesta edición, o primeiro premio quedou deserto.

Durante o mes de novembro resolveuse a terceira convocatoria dos Premios EGERIA de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster. Os traballos gañadores foron:

#### *Traballos fin de máster:*

##### **Ámbito Xurídico-Social:**

«Piropos sobre a aparencia e o corpo sexuado: disfrutados ou rexeitados pola mocidade?».

Autora: Raquel Lois Gómez

##### **Ámbito Científico-Tecnolóxico:**

Deserto

##### **Ámbito Artes e Humanidades:**

Deserto

#### *Traballos fin de grao:*

##### **Ámbito Xurídico-Social:**

1. «La rebeldía de querer ser yo: ser una persona diversa en un mundo heteropatriarcal»

Autora: Rebeca Jorge Rodríguez

2. «Diversidad de género y alumnado trans\*» .

Autor: Martín Rodríguez Iglesias

3.«La construcción de la “mirada femenina” como una alternativa en el cine. Jeanne Dielman, 23 Commerce Quay, 1080 Brussels (Chantal Akerman, 1975)»

Autora: María Ortega Veiga

##### **Ámbito Científico-Tecnolóxico:**

«Proxecto piloto sobre o deseño dunha estratexia de incorporación da muller rural á vida profesional» .

Autora: Raquel Jares Gago

##### **Ámbito Artes e Humanidades:**

«Fairy Tales of the 21st Century: The reinterpretation of gender roles in Maleficent (2014)»

Autora: Estrela Rivas López

### *Participación en encontros, xornadas e seminarios*

As políticas de igualdade da Universidade de Vigo foron presentadas na *9th European Conference on Gender Equality in Higher Education* realizada en París en setembro de 2016 a través do póster titulado *I Equality Plan in the University of Vigo: from de beginning to II Plan*.

A Unidade de Igualdade participou no «X Encuentro estatal de las Unidades de Igualdad de las universidades públicas españolas» realizado en Córdoba os días 31 de maio e 1 de xuño.





## Orzamento

Ingresos	2017
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.871.500 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	118.051.169 €
Capítulo V. Ingresos Patrimoniais	330.400 €
Capítulo VII. Transferencias de Capital	23.977.834 €
Capítulo VIII. Variación de Activos Financeiros	6.094.585 €
Capítulo IX. Variación de Pasivos Financeiros	- €
<b>Total Orzamento Ingresos:</b>	<b>165.325.488 €</b>

Gastos	2017
Capítulo I. Gastos de persoal	97.498.500 €
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos	26.498.211 €
Capítulo III. Gastos financeiros	370.270 €
Capítulo IV. Transferencias correntes	8.444.552 €
Capítulo V. Fondo de Continxencia	200.000 €
Capítulo VI. Inversións reais	30.173.955 €
Capítulo VIII. Activos financeiros	140.000 €
Capítulo IX. Pasivos financeiros	2.000.000 €
<b>Total Orzamento Gastos:</b>	<b>165.325.488 €</b>

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

